

## **ACTA NÚM. 14 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA TRINTA E UN DE OUTUBRO DE 2013.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do día **trinta e un de outubro de 2013**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

### **A S I S T E N:**

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

### **CONCELLEIROS/AS:**

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.  
Dona Cecilia Sierra Rey.  
Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.  
Dona María Amelia González Brandariz.  
Don José Luís García Bello.  
Don Juan José de la Fuente Fuentes.  
Dona María Castelao Torres.  
Don Francisco Javier Noya Iglesias.  
Don Adrián Varela Sarandeses.  
Dona Rebeca Domínguez Iglesias.  
Don Luís Mejjide Rodríguez.  
Don José María Rosende Rico.  
Dona Mar Martín García.  
Don Benardino Higinio Rama Seoane.  
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.  
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.  
Don Francisco Reyes Santiás.  
Don Gonzalo Muiños Sánchez.  
Don José A. Baqueiro Canabal.  
Dona M<sup>a</sup> de los Ángeles Gómez Bugallo.  
Dona Rosario Valledor Puente.  
Don Rubén Cela Díaz.  
Dona Elvira Cienfuegos López.  
Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

## **ORDE DO DÍA:**

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 26 de setembro de 2013.**
- 2. Proposta da Alcaldía de concesión da medalla de ouro da cidade aos/ás veciños/as de Angrois.**
- 3. Aprobación inicial da modificación puntual do catálogo do PXOM: corrección de erros na ficha D-070 (conxunto en Casal da Horta), creación da ficha D-070 bis (Pazo de Lermo) e incorporación ao catálogo dun elemento de interese etnográfico coa referencia F-134 (Pombal).**
- 4. Aprobación definitiva do estudo de detalle das parcelas 17A e 17B do SUNP-31. San Marcos.**
- 5. Aprobación inicial da modificación da ordenanza municipal reguladora da publicidade e rotulación.**
- 6. Proposición do grupo municipal do BNG para garantir as conexións a servizos xerais municipais.**
- 7. Proposición do grupo municipal do BNG relativa ao plan de axuste.**
- 8. Dar conta das seguintes resolucións:**
  - Da Alcaldía de 7 de outubro do corrente ano, núm. 5738, de delegación de funcións no concelleiro Don José Luís García Bello.**
  - Da concellería delegada de facenda e administración de 1 de outubro do corrente ano, núm. 5555, polo que se aproba o marco orzamentario para o Concello e as súas entidades dependentes para os anos 2014 a 2016.**
- 9. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**
- 10. Rogos e preguntas.**

## **11. Toma en consideración de mocions presentadas polos grupos municipais.**

Cumpriméntase así:

### **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2013.**

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta da sesión ordinaria celebrada o día 26 de setembro de 2013, coa corrección na súa páxina 122, terceira liña, consistente en substituír a expresión “Ponte do Saro” pola de “ Ponte de Sar”.

### **2. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DA CIDADE AOS/ÁS VECIÑOS/AS DE ANGROIS.**

A xunta de voceiros dos grupos municipais, en sesión extraordinaria celebrada o día 29 de xullo de 2013 acordou propoñer a concesión da medalla de ouro da cidade aos veciños e veciñas de Angrois en recoñecemento público á súa actuación solidaria con motivo do accidente ferroviario do día 24 de xullo.

Con base no citado acordo, a proposta da alcaldía relativa ao presente asunto, que leva data do 18 deste mes de outubro, ten o seguinte contido:

“O pasado 24 de xullo a nosa cidade sufríu a maior traxedia da súa historia co accidente do tren Alvia ó seu paso por Angrois. Sen dúbida, a rápida actuación das veciñas e dos veciños foi esencial para que moitas das vítimas poideran salvar a súa vida. Esta mostra de valor e solidariedade merece a máxima distinción e recoñecemento. Por isto, a Xunta de Voceiros do Concello de Santiago na sesión extraordinaria realizada o día 29 de xullo de 2013 acordou por unanimidade dos grupos municipais (PP, PSdeG-PSOE e BNG) propoñer a concesión da medalla de ouro da cidade ás veciñas e veciños de Angrois en recoñecemento público á súa actuación solidaria con motivo deste tráxico accidente ferroviario.

Polo exposto anteriormente propoño que o Pleno do Concello de Santiago de Compostela aprobe conceder a Medalla de Ouro da Cidade as veciñas e veciños de Angrois.”

Explica o Sr. Alcalde que con posterioridade ao accidente do ALVIA do día 24 de xullo reuniuse a xunta de voceiros para acordar por unanimidade a concesión da medalla de ouro da cidade aos veciños e veciñas de Angrois, en recoñecemento á súa actuación solidaria con motivo do accidente ferroviario, polo tanto cómpre traer a pleno a aprobación da proposta.

De conformidade coa proposta da alcaldía transcrita con anterioridade, que ten a súa base na da Xunta de Voceiros do día 29 de xullo de 2013, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade conceder a Medalla de Ouro da Cidade de Santiago de Compostela ás veciñas e veciños de Angrois, en recoñecemento público á súa actuación solidaria con motivo do tráxico accidente ferroviario acaecido o día 24 de xullo deste ano.

### **3. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DO PXOM: CORRECCIÓN DE ERROS NA FICHA D-070 (CONXUNTO EN CASAL DA HORTA), CREACIÓN DA FICHA D-070 BIS (PAZO DE LERMO) E INCORPORACIÓN AO CATÁLOGO DUN ELEMENTO DE INTERESE ETNOGRÁFICO COA REFERENCIA F-134 (POMBAL).**

O proxecto, redactado polo Concello, ten por obxecto corrixir o erro detectado na ficha D-070 do catálogo de bens culturais do vixente Plan Xeral, e ao tempo incorporar dous novos elementos, o D-070 bis e o F-134 que se consideran merecedores de protección.

O informe que ao respecto emite a xefa de sección de xestión urbanística o pasado día 21, indica literalmente o seguinte:

“O proxecto de referencia formúlase de oficio polo Concello, a través dos servizos técnicos da Área de Urbanismo, co obxecto de corrixir o erro detectado na ficha D-070 do Catálogo de Bens Culturais do Plan xeral vixente, e, ao mesmo tempo, incorporar dous novos elementos (D-070 bis e F-134) que se consideran merecedores de protección.

Na memoria do documento, redactada polos técnicos municipais, indícase o seguinte, a respecto das determinacións do Plan xeral vixente e da necesidade de abordar a súa modificación puntual cos obxectivos indicados:

#### **1. PLANEAMENTO VIXENTE**

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) de Santiago de Compostela, aprobado definitivamente por Ordes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de datas 3 de outubro de 2007 e 1 de setembro de 2009, inclúe, entre as súas determinacións, o Catálogo dos elementos que, polos seus valores naturais ou culturais, deben ser obxecto de protección, segundo esixe o artigo 53.1.f) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

O Catálogo do Plan xeral contén unha ficha individualizada de cada elemento catalogado, na que se recolle a súa denominación, localización, tipoloxía, descrición,

estado de conservación, grao de protección e cualificación urbanística, e na que se insiren fotografías e plano de situación ou de emprazamento. Por outra banda, cada elemento catalogado posúe unha referencia ou clave de identificación que se reflicte nos correspondentes planos de ordenación do PXOM, e que coincide coa da respectiva ficha de catálogo.

No Catálogo do Plan xeral vixente figura coa referencia D-070 un conxunto en Casal da Horta, que se describe na ficha de catalogación como “arquitectura tradicional, chemineas, alpendres, hórreos...”

Na mesma ficha descríbese o elemento catalogado como un conxunto rural, en bo estado de conservación, e incorpórase unha fotografía do conxunto e un plano de localización sobre a cartografía municipal. Para a localización do elemento a ficha remítese ao plano I-22 do PXOM no que, efectivamente, aparece un elemento coa referencia D-070.

Por outra banda, compróbase que noutro plano diferente do Plan xeral, no plano I-21, aparece outro elemento coa mesma referencia D-070, é dicir, estase atribuíndo a dous bens diferentes, situados en emprazamentos distintos, a mesma referencia e ficha de catalogación.

## **2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA MODIFICACIÓN**

Efectuada visita ao emprazamento indicado na ficha D-070 -localizado no plano I-22 do PXOM-, compróbase que a edificación existente nese lugar é un pazo en ruínas de principios do século XX, de tipo rexionalista-historicista, de xeito que non se corresponde co ben descrito na ficha de catalogación nin co que aparece na fotografía nela incluída. Poren, tamén se comproba que a descrición e a fotografía incluída na ficha si se corresponden coas edificacións sinaladas no plano I-21 do PXOM, tamén coa referencia D-070, situadas nun emprazamento próximo ao anterior.

En consecuencia faise preciso emendar o erro detectado a fin de permitir a correcta identificación do conxunto rural catalogado na ficha D-070, que se corresponde co emprazado no plano I-21.

Así mesmo, e polo que atinxe á construción identificada no plano I-22, pese ao evidente deterioro que ten sufrido a construción orixinal e a situación de práctica ruína do Pazo, do que apenas se conservan os muros perimetrais e algúns elementos accesorios, estímase conveniente a súa catalogación en canto exemplo da arquitectura rexionalista da época, da que se conservan escasos vestixios no ámbito rural.

No contorno do Pazo, pero formando parte doutra parcela catastral, atópase un pombal así mesmo digno de protección como elemento menor, dado o seu interese etnográfico.

En consecuencia, faise preciso corrixir os erros detectados na ficha de catalogación D-070, por unha banda, e, por outra, incorporar ao Catálogo as fichas correspondentes ao Pazo de Lermo e ao pombal que se conserva no seu contorno.

A modificación proposta vén así xustificada pola consecución dos seguintes obxectivos de interese público:

- A necesidade de rectificar os erros advertidos en canto ao emprazamento e descrición do conxunto catalogado en Casal da Horta (D-070), adaptando os datos da ficha de catalogación á realidade.
- A preservación dos restos do antigo Pazo do Lermo e do pombal existente no seu contorno, en consideración ao seu interese cultural e etnográfico.

Cos anteditos obxectivos, propónse a corrección da ficha de catalogación D-070 (Conxunto en Casal da Horta), e a incorporación ao Catálogo das fichas correspondentes ao Pazo do Lermo (D-070 BIS) e pombal (F-134), reflectindo a súa referencia nos respectivos planos de ordenación afectados (I21 e I22).

### **Tramitación**

Segundo dispón o artigo 75 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), os Catálogos son instrumentos complementarios dos plans, cuxa función é identificar os elementos protexidos e as actuacións precisas para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación.

O artigo 53.1.f) da LOUG atribúe ao Catálogo a natureza de contido ou determinación necesaria do Plan xeral, polo que, de acordo co esixido polo artigo 93.4 da mesma Lei, calquera modificación que afecte ás determinacións do Catálogo haberá de suxeitarse ao procedemento regulado polo artigo 85 para a aprobación do planeamento xeral.

No suposto que nos ocupa, a Modificación proposta podería considerarse como unha corrección ou rectificación de erros no que atinxe á ficha do conxunto catalogado en Casal da Horta (D-070). Polo que respecta ao Pazo e pombal de Lermo, se ben podería entenderse que a súa catalogación se atopaba xa prevista no plano I22 do vixente PXOM, as operacións a realizar para incorporar as respectivas fichas de Catálogo exceden da mera rectificación material, en canto conlevan unha avaliación do estado e

interese dos bens afectados, polo que se estima conveniente aplicar o procedemento de Modificación do Plan xeral.

No presente caso, ao non concorrer ningún dos supostos de modificación cualificada tipificados polo segundo parágrafo do precitado artigo 93.4, non resulta preceptivo obter o informe da Consellería de Medio Ambiente con carácter previo á adopción do acordo de aprobación inicial, de maneira que a administración autonómica só intervéñen no acto de aprobación definitiva do expediente.

Tampouco resulta preciso someter a Modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ao terse declarado a súa innecesariedade mediante Decisión do secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 14 de xuño de 2013.”

### **Proposta de aprobación inicial**

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Medio Ambiente, adaptar o seguinte **ACORDO**:

a) Aprobar inicialmente a Modificación puntual do Catálogo de Bens Culturais do Plan xeral, segundo o proxecto formulado polo Concello de Santiago a través dos Servizos Técnicos da Área de Urbanismo, que afecta aos seguintes elementos:

<b>Elemento catalogado</b>	<b>Referencia catastral</b>	<b>Propietario catastral</b>
<b>D-070</b> Conxunto en Casal da Horta	002200100NH35B0001ZW	Hrs. Domingo Mallo Liste
	002200200NH35B0001UW	Hrs. Concepción Mallo Vites
	002200300NH35B0001HW	María Paz Movilla Mirelis
<b>D-070 bis</b> Pazo de Lermo	15079A129000010000QO	Hrs. Carmen de Andrés Moreno
<b>F-134</b> Pombal en Lermo	000200100NH34H0001BH	Josefa Isaura Negro Fernández

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e, punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

b) En aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.2 da LOUG, a Modificación inicialmente aprobada someterase a **información pública durante o prazo de dous meses**, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e

en dous xornais dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente outorgarase audiencia aos municipios limítrofes.

c) A aprobación inicial determina automaticamente, por aplicación do disposto polo artigo 77.2 da LOUG, a **suspensión do outorgamento das licenzas** que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de dous anos, contado dende a aprobación inicial.”

Tamén esta secretaría xeral emitiu informe, que é favorable á aprobación do documento, con data do 22 de outubro deste ano.

Xa que logo, de conformidade cos informes da sección municipal de xestión urbanística e da Secretaría do Pleno, a proposta da concelleira-delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible, do día 17 deste mes de setembro, e o ditame favorable da Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa reunión do día 24 seguinte, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade, polo tanto co voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros, de conformidade co que dispón o artigo 123.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local:

a) Aprobar inicialmente a modificación puntual do catálogo de bens culturais do Plan Xeral de Ordenación Municipal, segundo o proxecto formulado polo Concello de Santiago a través dos servizos técnicos da área de urbanismo, que afecta aos seguintes elementos:

<b>Elemento catalogado</b>	<b>Referencia catastral</b>	<b>Propietario catastral</b>
<b>D-070</b> Conxunto en Casal da Horta	002200100NH35B0001ZW	Hrs. Domingo Mallo Liste
	002200200NH35B0001UW	Hrs. Concepción Mallo Vites
	002200300NH35B0001HW	María Paz Movilla Mirelis
<b>D-070 bis</b> Pazo de Lermo	15079A129000010000QO	Hrs. Carmen de Andrés Moreno
<b>F-134</b> Pombal en Lermo	000200100NH34H0001BH	Josefa Isaura Negro Fernández

b) Someter o acordo a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia, e en dous xornais dos de maior difusión na provincia. Durante o citado período, o expediente estará a disposición de calquera persoa que desexe examinalo ao obxecto da presentación das alegacións que se estimen pertinentes.



c) Dar audiencia aos Concellos limítrofes, simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública, e recabar da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o informe previsto na lexislación aplicable

O presente acordo determina automaticamente, por aplicación do disposto no artigo 77.2 da LOUG, a suspensión do outorgamento das licenzas que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de dous anos contado dende a aprobación inicial.

#### **4. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DAS PARCELAS 17A E 17B DO SUNP-31. SAN MARCOS.**

O estudo de detalle de referencia foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 11 de abril de 2013. No período de información pública presentou unha alegación D. Arsenio Goyos Ginzo, en representación de URBANIZADORA IBIS S.L., que foi obxecto dos seguintes informes, técnico e xurídico, da sección municipal de planeamento:

##### **a) Informe técnico da arquitecta da sección de planeamento e xestión, do día 3 de xullo de 2013:**

“O Estudo de detalle de referencia foi aprobado inicialmente con data 11 de abril de 2013 e posteriormente exposto ao público. Durante o período de exposición pública do documento D. Arsenio Goyo Ginzo, en representación da entidade “Urbanizadora Ibis, SL” presentou unha alegación, que se resume e contesta a continuación.

Indícase tamén que durante o prazo de exposición pública o contido do documento foi explicado ao representante do titular da parcela 84, non obxecto do Convenio pero si incluída no ámbito, que mostrou a súa conformidade coa proposta.

##### **\* Alegación presentada por D. Arsenio Goyo Ginzo, con data 13 de xuño e nº de rexistro 31.066**

Na alegación dise que o obxectivo do Estudo de detalle era eliminar a imposición do proxecto e licenza conxunta establecida polo Plan parcial para a ringleira obxecto do Convenio e que o que fai o Estudo de detalle inicialmente aprobado, ademais de non eliminar a dita imposición, é establecer maiores vinculacións, non previstas no Plan parcial.

Esta é a idea básica que contén o extenso escrito presentado polo alegante, e a que nos vai permitir centrar o tema, xa que o resto da alegación, simplemente desenvolve este núcleo argumental.

É certo que o Concello se comprometeu a tramitar un estudo de detalle coa idea de garantir a autonomía na parcela obxecto de Convenio, e ese é precisamente o obxectivo do documento aprobado, como se desprende da lectura da súa memoria xustificativa.

O Concello e o alegante discrepan sen embargo sobre cal é a forma correcta na que debe garantirse a dita autonomía. O alegante -a xulgar polos argumentos expostos na alegación- entende que o que tiña que facer o Estudo de detalle era simplemente eliminar do Plan parcial a obriga de realizar un proxecto de licenza conxunta, sen máis. O Concello, pola contra, entende que non se trata de *eliminar* esa obriga do Plan parcial -cuestión, por outra banda, que entendemos non sería posible a través da tramitación dun estudo de detalle, senón que requiriría a modificación puntual do Plan parcial-, senón de substituíla polo contido do Estudo de detalle, que garanta os mesmos obxectivos de unidade compositiva e coherencia formal na futura actuación que se obterían co proxecto e licenza conxunta. É dicir, non se trata de eliminar a obriga, senón de cumprila, neste caso, mediante a tramitación dun Estudo de detalle que incorpore unha definición precisa e concreta da futura edificación.

Tal é o obxectivo da maior precisión das determinacións do Estudo de detalle fronte ás máis xenéricas contidas no Plan parcial. O Estudo de detalle ten que formalizar e concretar unha proposta de edificación, polo que ten que elixir, de entre as distintas posibilidades que dá a ordenanza unha delas. O Estudo de detalle ten a finalidade de *substituír* ao proxecto de edificación conxunto esixido para a ringleira, e esa é a razón pola que concreta e define as solucións que deben adoptarse. ¿Que sentido tería un Estudo de detalle que non as concretase, cando esa é precisamente a súa razón de ser?

O alegante quériase de que non se lle consulta e se lle impón a solución. Sobre esta cuestión, cómpre sinalar que o Concello asume o trámite da redacción do Estudo de detalle, precisamente porque o asinante do Convenio así o solicita. En repetidas ocasións indicouse desde o Concello que a mellor solución era que os asinantes do Convenio presentasen a súa propia proposta, a cal nunca se presentou porque non existía.

Os asinantes do Convenio deixaron en mans dos técnicos municipais a responsabilidade de concretar a solución conxunta para a ringleira. O Concello non ten especial interese en impoñer unha ou outra solución, e se os asinantes do Convenio propuxeran unha, gustosamente se tomaría como base para facer o Estudo de detalle, sempre que se axustase ás determinacións do Plan parcial. O propio Estudo de detalle fai fincapé, ao longo da súa memoria, na posibilidade de que no período de exposición pública os interesados aporten a súa propia proposta que se incorporaría para o documento definitivo.

O que non é de recibo é que os asinantes do Convenio rexeiten facer unha proposta propia, e deleguen nos técnicos municipais a responsabilidade de facela, e que logo manifesten que se lle impón unha solución por parte do Concello.

Clarexados estes puntos, o resto das argumentacións contidas na alegación caen polo seu propio peso. O derradeiro parágrafo da alegación segunda é significativo. Neste apartado o alegante quíxase de que o Estudo de detalle unicamente busca a coherencia edificatoria entre a parcela obxecto de Convenio e a parcela 84. Entende que esta busca de coherencia incumpre o Convenio que tiña por obxecto garantir a autonomía da parcela. O Concello entende, pola contra, que esta busca de coherencia formal é precisamente o único xeito de garantir a posterior autonomía de cada parcela, e a esencia mesma do contido do Estudo de detalle.

Respecto das cuestións concretas que na alegación se relacionan como indicativas de que o Estudo de detalle contén disposicións contrarias ao Plan parcial, cómpre dicir, que a simple lectura dos textos que a propia alegación incorpora extraídos da memoria do Estudo de detalle son suficientes para comprender o absurdo de tal apreciación.

Así, por exemplo, o alegante entende que o Estudo de detalle incumpre o apartado 15 da ordenanza 2 do Plan parcial, que indica a necesidade de dispor de dúas prazas por vivenda ao imposibilitar a disposición dun garaxe comunitario. Esta afirmación carece de fundamento. É o Plan parcial o que establece a obrigatoriedade de dispor dun garaxe individual por vivenda e impide o garaxe comunitario, non o Estudo de detalle. E non existe ningún problema en dispor de dúas prazas de aparcadoiro no garaxe privativo de cada vivenda, como de xeito xa acontece no resto de ringleiras.

É máis, é precisamente esta condición do garaxe individual para cada vivenda o que facilita a autonomía da actuación e a posibilidade de edificar por fases, xa que cada vivenda resulta funcionalmente independente e non depende da constitución dunha macro-parcela comunitaria para o conxunto da ringleira.

En conclusión, considérase que a alegación carece de fundamento algún e debe ser rexeitada en todos os seus puntos. No entanto, posto que os alegantes mostran o seu rexeitamento á proposta aprobada inicialmente, entendo que sería conveniente requirirlles para que presenten unha proposta alternativa.

Debe terse en conta, en todo caso, que a dita proposta non pode ser aberta ou xenérica senón concreta e específica, cun nivel de definición propia dun anteproxecto de edificación, única forma de garantir a coherencia formal e compositiva da ringleira no seu conxunto, obxectivo inescusable do Estudo de detalle que se tramita.”

“O Estudo de detalle de referencia formúlase de oficio polo Concello de Santiago, a través dos servizos técnicos da Área de Urbanismo, e ao abeiro do previsto polo artigo 73.1.c) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), coa finalidade de concretar as condicións estéticas e de composición da edificación nas parcelas 76 a 84 do Plan parcial do SUNP-31 (17A e 17B do Proxecto de compensación).

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 86.2 da LOUG, o Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno Local, mediante acordo adoptado o 11 de abril de 2013, e someteuse a información pública durante o prazo de 20 días, con citacións persoal dos propietarios das parcelas afectadas e anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia do día 21 de maio e no xornal El Correo Gallego de data 10 de maio de 2013.

Durante o trámite de información pública formulouse unha única alegación, asinada por Arsenio Goyo Ginzo, en representación de URBANIZADORA IBIS SL. A mercantil ten asinado, con data 17 de outubro de 2012, un Convenio expropiatorio co Concello de Santiago, no que convén a adquisición da parcela 17B, de propiedade municipal, mediante permuta cun terreo dotacional suxeito a expropiación. A través do citado Convenio, o Concello de Santiago comprométese a *tramitar de oficio a aprobación dun Estudo de detalle no que se conteña a definición volumétrica e formal das edificacións, eliminando a necesidade de solicitar licenza conxunta (...)*. O alegante entende que o Estudo de detalle aprobado inicialmente, ademais de non acadar a finalidade convida, impón *requisitos e condicionamentos non previstos no Plan parcial*, vinculando as futuras edificacións ás xa executadas no ámbito.

A alegación presentada foi obxecto dun informe asinado pola arquitecta de Planeamento, no que se analizan polo miúdo as cuestións formuladas.

O que se pretende acadar, mediante a aprobación do Estudo de detalle, é garantir a coherencia formal e a integración das edificacións a través do establecemento de concretas condicións estéticas e de composición volumétrica que fagan innecesaria, no futuro procedemento de licenza, a presentación dun proxecto conxunto de edificación. Así se reflicte con claridade tanto no acordo de aprobación inicial, como na memoria do Estudo de detalle (páxina 2, parágrafo final; e páxina 11, penúltimo parágrafo).

A consecución do antedito obxectivo require, inescusablemente, que se concreten os parámetros da futura edificación, adoptando concretas solucións compositivas dentro do marco xenérico configurado polo Plan parcial, pero cun maior nivel de detalle e definición que permita substituír ao proxecto conxunto. A través do Convenio asinado en outubro de 2012, URBANIZADORA IBIS confiou ao Concello a labor de efectuar este traballo de concreción, que foi asumido polos técnicos municipais baixo o criterio

principal de garantir a integración e coherencia coas edificacións xa existentes no polígono, sen que pola mercantil interesada se formulase proposta algunha ao respecto.

En consecuencia, entendemos que a alegación presentada por URBANIZADORA IBIS carece de fundamento, polo que se propón o seu rexeitamento. Porén, con carácter previo á aprobación definitiva do Estudo de detalle, estímase conveniente outorgar á interesada un trámite de audiencia, por prazo de 10 días, a fin de que presenten, se así o desexan, unha proposta alternativa que concrete as características estéticas e compositivas da edificación.”

Cómpre indicar que en novo informe da xefa da sección de planeamento e xestión, do día 21 de outubro, se indica que evacuado o trámite de audiencia ao que se refería o seu informe de 11 de setembro, non consta a formulación polo alegante de proposta alternativa nin de observación algunha.

Xa que logo, de conformidade cos informes emitidos, aos que se fixo mención, a proposta da concelleira-delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible, do pasado día 22, e o ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa reunión do día 24 de outubro de 2013, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade:

- a) Rexeitar a alegación presentada por D. Arsenio Goyos Ginzo en representación de URBANIZADORA IBIS S.L., con fundamento nas consideracións dos informes técnico e xurídico emitidos pola Sección de Planeamento e Xestión Urbanística.
- b) Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle na ringleira das parcelas 76 a 84 do Plan Parcial do SUNP-31 (San Marcos), formulado de oficio polo Concello, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado e sometido a exposición pública.

O presente acordo notificárase persoalmente a todos os interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, no que se inserirá así mesmo a normativa urbanística aprobada.

Igualmente remitírase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comunicación do acordo de aprobación definitiva, xunto con dous exemplares dilixenciados do documento definitivamente aprobado.

## **5. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PUBLICIDADE E ROTULACIÓN.**

O informe que emite o xefe do servizo da oficina da cidade histórica e rehabilitación o pasado día 19 de setembro en relación co presente asunto indica o seguinte:

“Santiago de Compostela é unha cidade cun valor monumental e histórico excepcional. A cidade de Compostela é conxunto histórico-artístico desde 1940 e foi incluída pola UNESCO na lista do patrimonio mundial en 1987. Esta riqueza artística e monumental obriga a que as administracións públicas encargadas da súa conservación velen con especial coidado polo ornato público e pola súa limpeza.

Desgraciadamente, asistimos nos últimos anos ao lamentable espectáculo de ver cómo os muros da Cidade Vella de Santiago sirven para a colocación de todo tipo de cartéis, pegatinas e outros reclamos publicitarios (tendo sempre en conta que o obxecto da ordenanza é a publicidade comercial, non a propaganda política ou sindical, que queda excluída da aplicación desta norma). Esta situación é incluso máis grave no caso do mobiliario urbano, o cal é utilizado como soporte comercial sen ter en conta as prohibicións establecidas polo ordenamento local e sen valorar os danos á imaxe da Cidade Vella.

A vixente Ordenanza municipal reguladora da publicidade e rotulación, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello na súa sesión de 26 de abril de 2012 contempla no seu título IV, capítulos primeiro e segundo, o réxime sancionador deste tipo de comportamentos. Non obstante, a regulación existente é de difícil aplicación polos criterios establecidos para fixar as sancións, que tratan de ser proporcionais aos gastos que supón a restitución da legalidade alterada. Sen embargo, os gastos de retirada dun cartel nunha cabina de teléfonos ou nun paramento dun inmovible da cidade histórica son notablemente inferiores ao perxuício que esta publicidade ilegal provoca no casco vello, Patrimonio da Humanidade. E, se ben a norma establece que poderá incrementarse a sanción sempre que o beneficio económico que reporta cometer esta infracción ao promotor sexa moito maior, resulta imposible calcular os beneficios que pode reportar a un establecemento anunciarse ilegalmente no mobiliario urbano ou noutros espazos da cidade antiga.

É por iso que se propón a modificación desta regulación por outra de máis sinxela aplicación e que se base na fixación dunhas coantías determinadas para cada tipo de infracción: ata 750 € en caso de infraccións leves; de 751 € ata 1.500 € para as infraccións graves; e de 1.501 € ata 3.000 € para as infraccións moi graves.

O actual título IV da ordenanza establece o seguinte nos seus capítulos primeiro e segundo:

#### **TÍTULO CUARTO.**

#### **MEDIDAS DISCIPLINARIAS.**

## **CAPÍTULO 1. INFRACCIÓN**

### **Artigo 51. Definición.**

Constituirán infraccións contra esta ordenanza as accións ou omisións que vulneren as prescricións contidas nela e na normativa urbanística que corresponda aplicar.

### **Artigo 52. Responsables.**

Das infraccións contra esta ordenanza serán responsables:

1. A empresa publicitaria titular da instalación.
2. O beneficiario da mensaxe.
3. O titular ou, se é o caso, o ocupante do espazo ou elemento en que se efectuase a instalación.

### **Artigo 53. Sancións.**

Toda infracción contra esta ordenanza levará consigo a imposición de sancións aos responsables así como a obriga de resarcimento de danos e de indemnización das perdas a cargo destes, todo isto con independencia das medidas previstas no capítulo IV deste título.

### **Artigo 54. Tipos de infraccións.**

Clasifícanse segundo a gravidade en leves e graves.

1. Conceptuaranse como infraccións leves aquelas nas que no procedemento sancionador se demostre a escasa entidade do dano producido aos intereses xerais e aquelas que non teñan o carácter de graves.
2. Conceptuaranse como infraccións graves:
  - a) Efectuar as instalacións carecendo da licenza municipal.
  - b) Non axustarse á licenza concedida nin á normativa reguladora.
  - c) Non manter a instalación publicitaria nas debidas condicións de seguridade.
  - d) Non manter a instalación publicitaria nas debidas condicións de ornato, incidindo negativamente dunha forma manifesta na contorna.

### **Artigo 55. Atenuantes da responsabilidade.**

Considerarase circunstancia atenuante da responsabilidade dos autores dunha infracción que o responsable procedese á legalización, rectificación correspondente e/ou, se fose o caso, á retirada da instalación publicitaria antes da iniciación da actuación sancionadora.

#### **Artigo 56. Agravantes da responsabilidade.**

Consideraranse circunstancias agravantes da responsabilidade dos autores dunha infracción:

1. Alterar os supostos de modo que presuntamente lexitimasen a actuación ou falsificar os documentos nos que se acredita o fundamento legal para a obtención da licenza.
2. Reiterar ou reincidir.
3. A acción que tivese como efecto danos ou perdas a outros particulares ou ao patrimonio histórico.

#### **Artigo 57. Prescrición das infraccións.**

1. As infraccións nas que se incorra por incumprimento desta ordenanza consideraranse derivadas dunha actividade continuada e o seu prazo de prescrición comezará desde a finalización da actividade ou desde o último acto con que a infracción quede consumada, que para estes efectos será cando sexa retirada a instalación publicitaria.
2. As infraccións leves prescribirán pasado un ano e as graves prescribirán aos catro anos.

### **CAPÍTULO 2. REGLAS PARA DETERMINAR A CONTÍA DAS SANCIÓN S**

#### **Artigo 58. Contía das sanción s.**

Serán sancionados con multas do 1 ao 5% do valor da instalación os que a executasen sen licenza, cando a instalación sexa legalizable.

Cando as instalacións publicitarias non sexan legalizables, sancionarase aos seus responsables con multa do 10 ao 20% do valor das medidas necesarias para restituír a realidade física alterada.

A contía da sanción reducirase ou aumentarase en función dos atenuantes ou agravantes que sexan de aplicación.

#### **Artigo 59. Sanción s a varios responsables.**



As sancións que se impoñan aos distintos suxeitos como consecuencia dunha mesma infracción terán entre si carácter independente.

#### **Artigo 60. Existencia de beneficio económico.**

En ningún caso a infracción urbanística pode supoñer un beneficio económico para o infractor. Cando a suma da sanción imposta e do custo das actuacións de restitución dos bens ao seu primitivo estado dea como resultado unha cantidade inferior ao dito beneficio, incrementárase a contía da sanción ata alcanzar o seu montante.

#### **Artigo 61. Prescrición das sancións.**

O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquiriu firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

As sancións impostas por faltas graves prescribirán aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

#### **Artigo 62. Recoñecemento de responsabilidade polo infractor.**

Iniciado un procedemento, se o infractor recoñece a súa responsabilidade, poderase resolver coa imposición da sanción que proceda.

O pagamento voluntario por parte do imputado, en calquera momento anterior á resolución poñerá fin ao procedemento, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer os recursos que procedan.

Á vista do ata aquí exposto, proponse a aprobación dos seguintes capítulos primeiro e segundo do título IV para substituír á regulación agora existente:

### **PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA PUBLICIDADE E ROTULACIÓN**

#### **TÍTULO IV**

##### **MEDIDAS DISCIPLINARIAS.**

##### **CAPÍTULO 1. INFRACCIÓN**

### **Artigo 51. Definición.**

Constituirán infraccións contra esta ordenanza as accións ou omisións que vulneren as prescricións contidas nela e na normativa urbanística que corresponda aplicar.

### **Artigo 52. Responsables.**

Das infraccións contra esta ordenanza serán responsables:

1. A empresa publicitaria titular da instalación.
2. O beneficiario da mensaxe.
3. O titular ou, se é o caso, o ocupante do espazo ou elemento en que se efectuase a instalación.

### **Artigo 53. Sancións.**

Toda infracción contra esta ordenanza levará consigo a imposición de sancións aos responsables así como a obriga de resarcimento de danos e de indemnización das perdas a cargo destes, todo isto con independencia das medidas previstas no capítulo IV deste título.

### **Artigo 54. Tipos de infraccións.**

Clasifícanse segundo a gravidades en leves, graves e moi graves:

1. Conceptuaranse como infraccións leves:

As infraccións previstas nesta Ordenanza que non teñan a calificación de grave o moi grave.

1. Conceptuaranse como infraccións graves:

- a) Non axustarse á licenza concedida nin á normativa reguladora, incluíndo o incumprimento das normas desta ordenanza relativas a altura e dimensións máximas das instalacións.
- b) Non retirar as instalacións cando caduque a licenza otorgada.
- c) Non manter a instalación publicitaria nas debidas condicións de ornato, incidindo negativamente dunha forma manifesta na contorna.
- d) A reincidencia na comisión de dous ou máis infraccións leves nun prazo inferior a 1 ano.

2. Conceptuaranse como infraccións moi graves:

- a) Efectuar as instalacións sen obter a preceptiva licenza municipal.
- b) Efectuar as instalacións nos lugares expresamente prohibidos pola presente ordenanza.
- c) Non manter en perfectas condicións de conservación e seguridade as instalacións.
- d) A reincidencia na comisión de dous ou máis infraccións graves nun prazo inferior a un ano.
- e) Efectuar instalacións en solo de titularidade municipal, sen ser o adxudicatario do correspondiente concurso público.
- f) Colocar cartéis, pegatinas ou similares no mobiliario público, pavimentos, paredes de inmobles ou muros de peche.

#### **Artigo 55. Atenuantes da responsabilidade.**

Considerarase circunstancia atenuante da responsabilidade dos autores dunha infracción que o responsable procedese á legalización, rectificación correspondente e/ou, se fose o caso, á retirada da instalación publicitaria antes da iniciación da actuación sancionadora.

#### **Artigo 56. Agravantes da responsabilidade.**

Consideraranse circunstancias agravantes da responsabilidade dos autores dunha infracción:

- 1. Alterar os supostos de modo que presuntamente lexitimasen a actuación ou falsificar os documentos nos que se acredita o fundamento legal para a obtención da licenza.
- 2. Reiterar ou reincidir.
- 3. A acción que tivese como efecto danos ou perdas a outros particulares ou ao patrimonio histórico.
- 4. A colocación de publicidade non autorizada en monumentos, edificios catalogados ou en ámbitos suxetos a protección.

#### **Artigo 57. Prescrición das infraccións.**

- 1. As infraccións nas que se incorra por incumprimento desta ordenanza consideraranse derivadas dunha actividade continuada e o seu prazo de prescrición comezará desde a finalización da actividade ou desde o último acto con que a infracción quede consumada, que para estes efectos será cando sexa retirada a instalación publicitaria.
- 2. As infraccións leves prescribirán pasado un ano, as graves pasados dous anos e as graves prescribirán aos catro anos.

## **CAPÍTULO 2. REGLAS PARA DETERMINAR A CONTÍA DAS SANCIONES**

### **Artigo 58. Contía das sancións.**

1. As infraccións moi graves serán sancionadas con multas de 1.501 euros ata 3.000 euros, retirada definitiva da licenza e da instalación publicitaria a cargo e por conta da persoa ou empresa que instalara a mesma.
2. As infraccións graves serán sancionadas con multas de 751 euros ata 1.500 euros.
3. As infraccións leves serán sancionadas con multas de ata 750. En todo caso, a sanción económica mínima establececese en 300,00 euros de multa.

A contía da sanción reducirase ou aumentarase en función dos atenuantes ou agravantes que sexan de aplicación.

### **Artigo 59. Sancións a varios responsables.**

As sancións que se impoñan aos distintos suxeitos como consecuencia dunha mesma infracción terán entre si carácter independente.

### **Artigo 60. Existencia de beneficio económico.**

En ningún caso a infracción urbanística pode supoñer un beneficio económico para o infractor. Cando a suma da sanción imposta e do custo das actuacións de restitución dos bens ao seu primitivo estado dea como resultado unha cantidade inferior ao dito beneficio, incrementarase a contía da sanción ata alcanzar o seu montante.

### **Artigo 61. Prescrición das sancións.**

O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquiriu firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

As sancións impostas por faltas graves prescribirán aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

### **Artigo 62. Recoñecemento de responsabilidade polo infractor.**

Iniciado un procedemento, se o infractor recoñece a súa responsabilidade, poderase resolver coa imposición da sanción que proceda.

O pagamento voluntario por parte do imputado, en calquera momento anterior á resolución poñerá fin ao procedemento, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer os recursos que procedan.

Asimesmo, propónse modificar o artigo 48 da ordenanza, que regula exclusivamente a retirada da instalación publicitaria cando finaliza o período de vixencia da licenza (nos supostos nos que o permiso ten fixado un límite temporal), de xeito que se regulen agora toda-las obrigas do titular da licenza dunha instalación publicitaria.

A actual redacción establece o seguinte:

#### **Artigo 48. Retirada da instalación.**

Transcorrido o período de vixencia da licenza, a contar desde a data do acordo de outorgamento, sen que medie prórroga, quedará sen efecto, debendo o titular retirar pola súa conta a instalación. Esta circunstancia poderá facerse constar no documento de outorgamento da licenza.

En caso de que o titular non retire a instalación o Concello poderá retirala.

De conformidade co ata aquí exposto, propónse a aprobación da seguinte nova redacción do artigo 48 para substituír á regulación agora existente:

### **PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO 48 DA ORDENANZA REGULADORA DA PUBLICIDADE E ROTULACIÓN.**

#### **Artigo 48.- Obrigas do titular da licenza.**

As persoas físicas o xurídicas titulares da licenza municipal terán as seguintes obrigas:

1. Axustarse ás condicións da licenza concedida.
2. Manter en perfectas condicións de conservación e seguridade as instalacións.
3. Retirar a instalación pola súa conta transcorrido o período de vixencia da licenza, a contar desde a data do acordo de otorgamento, se non media prórroga, deixando en perfecto estado o soporte da instalación unha vez retirada a mesma. En caso de que o titular non retire a instalación, o Concello poderá facelo a súa costa.

Finalmente, a disposición final deberá quedar como segue:

### **DISPOSICIÓN FINAL.**

Esta ordenanza entrará en vigor transcorridos quince días desde a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.”

Tamén figura no expediente informe da secretaría xeral do Pleno-Dirección da asesoría xurídica, día 23 de setembro, sobre o procedemento para a aprobación da modificación proposta, e acordo adoptado pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, do día 24 de outubro, aprobatorio do proxecto de modificación.

Dona María Pardo Valdés indica que Santiago de Compostela é unha cidade cun valor monumental e histórico excepcional. A cidade, declarada conxunto histórico-artístico en 1940, foi incluída pola UNESCO na lista de patrimonio mundial en 1987. Esta riqueza artística e monumental obriga a que as administracións públicas encargadas da súa conservación velen con especial coidado polo ornato público e a súa limpeza.

Desgraciadamente, asistimos nos últimos anos ao lamentable espectáculo de ver como os muros da cidade vella de Santiago serven para a colocación de todo tipo de carteis, pegatinas e outros reclamos publicitarios, tendo sempre en conta que o obxecto da ordenanza é a publicidade comercial, non a propaganda política ou sindical, que queda excluída da aplicación desta norma. Esta situación é máis grave, se cabe, no caso do mobiliario urbano, o cal se utiliza como soporte comercial sen ter en conta as prohibicións establecidas polo ordenamento local e sen valorar os danos á imaxe da cidade vella.

A vixente ordenanza municipal reguladora da publicidade e rotulación, aprobada definitivamente polo pleno do Concello na súa sesión do día 26 de abril de 2012, contempla no seu título 4, capítulo primeiro e segundo, o réxime sancionador destas infraccións. Non obstante, a regulación existente establece criterios para fixar sancións que tratan de ser proporcionais aos gastos que supón a restitución da legalidade alterada, sen embargo os gastos de retirada dun cartel nunha cabina de teléfonos ou nun paramento dun inmovible da cidade histórica son notablemente inferiores ao prexuízo que esta publicidade ilegal provoca no casco vello, patrimonio da humanidade. E se ben a norma establece que poderá incrementarse a sanción sempre que o beneficio económico que reporta cometer esta infracción ao promotor sexa moito maior, resulta moi difícil calcular os beneficios que pode reportar a un establecemento anunciarse ilegalmente no mobiliario urbano ou noutros espazos da cidade antiga.

É por isto que se propón a modificación desta regulación por outra que se basee na fixación dunhas contías determinadas para cada tipo de infracción, ata 750 euros en caso

de infraccións leves, de 751-1500 euros para as infraccións graves; e de 1501 a 3000 para as infraccións moi graves. Deste modo increméntase notablemente a contía das sancións que o Concello pode impor, ademais dun modo máis rápido, coa finalidade de castigar comportamentos incívicos que supoñen un grave prexuízo para a nosa cidade.

Con isto -engade a Sra. Pardo- tentarase frear o deterioro que a publicidade ilegal ocasiona no centro histórico, e ademais do incremento das contías, tamén se considera infracción moi grave a de colocar papeis, pegatinas ou similares no mobiliario urbano, sendo responsables tanto a empresa anunciadora como o beneficiario da publicidade. Igualmente se consideran como circunstancias agravantes de calquera infracción que a acción tivese como efecto provocar danos ou perdas a outros particulares ou ao patrimonio histórico, ou a colocación de publicidade non autorizada en monumentos, edificios catalogados ou en ámbitos suxeitos a protección.

Así mesmo, ademais do título IV, regulador do réxime sancionador, tamén se reforma o artigo 48, regulador das obrigas do titular dunha licenza de publicidade ou rotulación para garantir o cumprimento da licenza e o mantemento dos rótulos en debidas condicións de ornato, así como a disposición final da ordenanza.

Don Rubén Cela intervéñ seguídamente, e anuncia o voto en contra do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, en coherencia co defendido por éste dende o inicio da tramitación desta ordenanza municipal reguladora da publicidade e rotulación. Ao igual que aconteceu coa ordenanza de terrazas, que en cousa de pouco máis dun ano tivo dez decretos modificativos e posteriormente unha modificación total, aquí nos atopamos cun caso similar, pois a ordenanza apróbase o 26 de abril do ano 2012, seis meses despois, o 25 de outubro de 2012, ten lugar unha primeira modificación, e hoxe, exactamente un ano despois daquela segunda modificación, aprobamos unha terceira, o que é moi significativo do proceso seguido inicialmente.

Xa no mes de abril do ano pasado o BNG entendía que había aspectos sumamente negativos a respecto da protección da estética da cidade, e sobre todo, pola inclusión de formas de publicidade que ate o de aquela non estaban permitidas, á vez que confluían outra serie de aspectos que non eran menores, e que parecían de moi difícil cumprimento, en concreto todo o que tiña que ver co control, coa inspección e coas sancións. Polo tanto, estima o concelleiro que esta proposta que se presenta hoxe era, como mínimo, previsible.

Dona Mercedes Rosón indica que tamén o voto do grupo municipal socialista vai ser desfavorable á proposta de modificación da ordenanza, segunda modificación nun ano. Xustamente no pleno de outubro de 2012 se facía a primeira modificación, e xa a concelleira dicía entón que non sería a última, froito do modo de facer deste goberno. Quedou moi claro daquela que esta ordenanza, en vez de delimitar mellor a cantidade e

a tipoloxía do impacto dos soportes publicitarios, trataba de abrir a porta a novas formas de publicidade en espazos ata entón restrinxidos para ela, cun documento que non estaba á altura dunha cidade como Santiago de Compostela, o que constituíu unha das principais razóns para o seu rexeitamento. O tempo doulle a razón ó seu grupo, e só hai que ver cómo está a cidade, pois non só é preciso facer normas e facelas ben, por suposto, senon que tamén hai que dispoñer dos medios para cumprilas, e a publicidade, como a xestión dos espazos públicos, require de moitos efectivos humanos para detectar os problemas e para levar a efecto a ordenanza.

En outubro do ano pasado, o goberno municipal plantexaba unha modificación moi importante dun documento que se aprobara cinco meses antes definitivamente e que tiña que ver con esa publicidade, a altura dos monolitos, a aparición das vallas publicitarias que estaban desterradas do noso termo municipal despois de moitísimos anos de traballo, e que ademais lle daba ao alcalde-presidente a capacidade para aprobar dunha forma discrecional todo o relativo á normativa nova.

Agora o grupo popular ven cunha nova modificación desta ordenanza, que inclúe a do artigo 48, que ten que ver coa retirada da instalación, un artigo que acaba dunha forma bastante ambigua porque remata dicindo “á súa costa” sen clarexar a costa de quen exactamente, entendendo e intuindo que será dos que cometen a infracción, aínda que non está nada claro. Tamén afecta a modificación ó artigo 54 no que ten que ver cos tipos de infraccións, incluíndo unha nova categoría de infracción moi grave.

Por outra banda, entende a concelleira moi necesaria a inclusión no artigo 56, que ten que ver cos agravantes da responsabilidade, do novo punto 4, relativo á colocación de publicidade non autorizada en monumentos, edificios catalogados ou suxeitos a protección, entendendo que ademais existen moitísimos edificios catalogados, tanto dentro como fora da cidade histórica, e tamén moitísimas infraccións nos mesmos, que están proliferando de forma bastante alarmante nestes últimos tempos.

Con respecto ao artigo 58, que atinxe á contía das sancións, xa cando se aprobou definitivamente a ordenanza a concelleira manifestou que non parecía orientada a evitar as infraccións, pois se estipulaba no documento agora en vigor unha cantidade entre o 1 e o 5 por cento do valor da instalación cando foran legalizables, e entre o 10 e o 20 por cento cando non o foran, o que semella un convite a saltarse esta ordenanza, máis se temos en conta a dificultade para determinar, como moi ben di o informe que asina o técnico responsable do servizo de cidade histórica, e que subscribe o señor secretario, a dificultade de cuantificar o valor real da instalación ou o beneficio económico que dela se derive. Claramente as sancións que están en vigor neste momento son demasiado baixas, e facilitan que os cidadáns prefiran non pagar a licenza porque lles compense o pagamento da sanción.



Está claro unha vez máis que o grupo de goberno só atina cando rectifica, e só ata o de agora non se decatou de que non se daba cumprimento na ordenanza ó artigo 141 do título X da Lei de Grandes Cidades, que fala dos límites das sancións económicas, e onde di claramente, o seguinte: “salvo previsión legal distinta las multas por infracción de ordenanzas locales deberán respetar las siguientes cuantías:

Infracciones muy graves: hasta 3000 euros.

Infracciones graves: hasta 1500 euros.

Infracciones leves: hasta 750 euros.”

Polo tanto, teme a Sra. Rosón que o único obxecto da modificación, aínda que o goberno e os informes técnicos o intenten ocultar, sexa a súa adaptación á Lei de Grandes Cidades.

Por último, plantexa a concelleira algo que ten que ver co concurso que se adjudicou en febreiro de 2013 de xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materia urbanística, de ruídos, espazo público, publicidade e inspección técnica de inmobles, xa que esta modificación da ordenanza, no punto das sancións económicas, cambia considerablemente as regras do xogo, e iso ao mellor pode ter consecuencias no citado procedemento. .

En resumo, pensa a concelleira que as razóns da modificación son en primeiro lugar a apuntada de axuste á lei de grandes cidades, e en segundo, dada a cantidade de diñeiro que implica, o afán recadatorio do equipo de goberno,

Dona María Pardo intervén de novo, estrañada de que os grupos da oposición sexan tan “conservadores”, pois levaban vinte e oito anos sen ordenanza de publicidade, sen ordenanza de terrazas, e sen outras regulacións, e queren seguir así un tempo máis, permitindo que a xente poña os rótulos, os fitos de vinte e pico metros ao seu libre albedrío, e posibilitando que nos atopemos agora mesmo nunha cidade histórica con numerosos rótulos fóra de ordenación sen que se poida facer nada, pois levan máis de seis anos instalados, dada a permisividade do anterior goberno.

Como concelleira responsable da concellaría de desenvolvemento urbano e sostible, cree que se fai camiño ó andar, e que se o tempo demostra que hai que modificar as ordenanzas, haberá que facelo, traballando sempre para mellorar. Neste senso, fíxolle moita graza o que dixera tempo atrás a Sra. Rosón de que estaba traballando na delegación de competencias do perímetro azul, cando levaba doce anos de concelleira, mentres a Sra. Pardo levaba seis meses e xa o conseguira.

O ordeamento xurídico -engade a Sra. Pardo- é algo vivo, e como tal debe adaptarse aos tempos, renovarse, mellorarse e conseguir a eficacia da norma a través dos mecanismos

de corrección, e é obriga de todo equipo de goberno permanecer atento aos cambios, ás novidades, e ás necesidades da cidade e da sociedade. O goberno municipal acepta esta obriga, considerando que é preferible unha revisión normativa que unha omisión ou deixazón de funcións, e é neste sentido como se debe entender a proposta de modificación da ordenanza de publicidade que se trae hoxe ao pleno. Detectouse que sen o réxime sancionador incorporado, a norma era insuficiente para garantir o fin social perseguido, e sobre o que existe amplo consenso social e político, por iso se presenta a modificación. Manter a nosa cidade digna e limpa obriga a modificar este réxime sancionador endurecéndoo, para que actúe como mecanismo disuasorio fronte a aqueles que, impulsados polas súas expectativas de lucro, están dispostos a incumprir a norma en detrimento da maioría social.

Pensa a concelleira que as críticas da oposición resultarían sorprendentes se non as encadramos dentro do desgobro absoluto nesta materia durante anos de goberno bipartito, nos que non había ordenanzas, e somentes o plan xeral facía mención a estes aspectos en dous dos seus artigos. Tal actitude de desidia, de falta de respecto ao patrimonio e á súa conservación dos chamados gobernos de progreso, levou a moitos a pensar que ensuciar a cidade ou afeiar os seus monumentos era unha conduta que podía escapar impune, pese aos prexuízos ocasionados ao conxunto da sociedade. Polo tanto, a negativa a esta modificación só pode entenderse como testemuña viva do desprezo dos grupos da oposición polo respecto ao medio ambiente urbano, que é patrimonio de todos os cidadáns e visitantes, algo que non sorprende cando temos en conta que son os seus afíns os que primeiro ensucian a cidade con pasquíns e propaganda.

Dona Mercedes Rosón, pola súa banda, pon como exemplo de mala xestión en materia publicitaria a rúa de San Francisco, pois dende que pasan as licencias de instalación de rótulos pola comisión de casco histórico, proliferaron alí dunha forma bastante alarmante.

Por último, afirma que por suposto que se fai camiño ao andar, camiño construído polo anterior goberno que o actual está a desfacer.

De conformidade coa proposta da concelleira-delegada de desenvolvemento urbano e sostible do día 26 de setembro deste ano, vistos os informes aos que se fixo mención, e tendo en conta o ditame da comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, de data 24 de outubro, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e 12 en contra, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, aprobar inicialmente a modificación da ordenanza municipal reguladora da publicidade e rotulación, que se someterá á información pública durante o prazo de trinta días soltos, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello, para que os interesados poidan

presentar as suxestións e reclamacións que estimen oportunas. De non habelas, entenderase definitivamente adoptado o acordo.

O texto dos artigos que se modifican é o seguinte:

#### **Artigo 48.- Obrigas do titular da licenza.**

As persoas físicas o xurídicas titulares da licenza municipal terán as seguintes obrigas:

1. Axustarse ás condicións da licenza concedida.
2. Manter en perfectas condicións de conservación e seguridade as instalacións.
3. Retirar a instalación pola súa conta transcorrido o período de vixencia da licenza, a contar desde a data do acordo de otorgamento, se non media prórroga, deixando en perfecto estado o soporte da instalación unha vez retirada a mesma. En caso de que o titular non retire a instalación, o Concello poderá facelo a súa costa.

#### **Artigo 54. Tipos de infraccións.**

Clasifícanse segundo a gravidades en leves, graves e moi graves:

1. Conceptuaranse como infraccións leves:

As infraccións previstas nesta Ordenanza que non teñan a calificación de grave o moi grave.

1. Conceptuaranse como infraccións graves:

- a) Non axustarse á licenza concedida nin á normativa reguladora, incluíndo o incumprimento das normas desta ordenanza relativas a altura e dimensións máximas das instalacións.
- b) Non retirar as instalacións cando caduque a licenza otorgada.
- c) Non manter a instalación publicitaria nas debidas condicións de ornato, incidindo negativamente dunha forma manifesta na contorna.
- d) A reincidencia na comisión de dous ou máis infraccións leves nun prazo inferior a 1 ano.

2. Conceptuaranse como infraccións moi graves:

- a) Efectuar as instalacións sen obter a preceptiva licenza municipal.
- b) Efectuar as instalacións nos lugares expresamente prohibidos pola presente ordenanza.
- c) Non manter en perfectas condicións de conservación e seguridade as instalacións.

- d) A reincidencia na comisión de dous ou máis infraccións graves nun prazo inferior a un ano.
- e) Efectuar instalacións en solo de titularidade municipal, sen ser o adxudicatario do correspondiente concurso público.
- f) Colocar cartéis, pegatinas ou similares no mobiliario público, pavimentos, paredes de inmobles ou muros de peche.

#### **Artigo 56. Agravantes da responsabilidade.**

Consideraranse circunstancias agravantes da responsabilidade dos autores dunha infracción:

1. Alterar os supostos de modo que presuntamente lexitimasen a actuación ou falsificar os documentos nos que se acredita o fundamento legal para a obtención da licenza.
2. Reiterar ou reincidir.
3. A acción que tivese como efecto danos ou perdas a outros particulares ou ao patrimonio histórico.
4. A colocación de publicidade non autorizada en monumentos, edificios catalogados ou en ámbitos suxetos a protección.

#### **Artigo 57. Prescrición das infraccións.**

1. As infraccións nas que se incorra por incumprimento desta ordenanza consideraranse derivadas dunha actividade continuada e o seu prazo de prescrición comezará desde a finalización da actividade ou desde o último acto con que a infracción quede consumada, que para estes efectos será cando sexa retirada a instalación publicitaria.
2. As infraccións leves prescribirán pasado un ano, as graves pasados dous anos e as graves prescribirán aos catro anos.

#### **Artigo 58. Contía das sancións.**

1. As infraccións moi graves serán sancionadas con multas de 1.501 euros ata 3.000 euros, retirada definitiva da licenza e da instalación publicitaria a cargo e por conta da persoa ou empresa que instalara a mesma.
2. As infraccións graves serán sancionadas con multas de 751 euros ata 1.500 euros.
3. As infraccións leves serán sancionadas con multas de ata 750. En todo caso, a sanción económica mínima establececese en 300,00 euros de multa.

A contía da sanción reducirase ou aumentarase en función dos atenuantes ou agravantes que sexan de aplicación.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

Esta ordenanza entrará en vigor transcorridos quince días desde a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

## **6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA GARANTIR AS CONEXIÓNS A SERVIZOS XERAIS MUNICIPAIS.**

A proposición presentada o día 23 de outubro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa aos permisos para conexións a servizos xerais municipais.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

É función dos poderes públicos protexer os dereitos humanos e as liberdades fundamentais das persoas. O dereito de reunión é unha liberdade pública individual que faculta un grupo de persoas a concorrer temporalmente nun mesmo lugar, pacificamente e sen armas para calquera finalidade lícita e conforme á lei.

A Constitución española e a Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión recollen o recoñecemento e a garantía dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, como un dos seus piares básicos, nos que se asenta o Estado social e democrático de dereito.

Na Ordenanza Reguladora de Actividades, Instalacións e Ocupacións da vía pública do Concello de Santiago aprobada no Pleno do 25 de outubro de 2012 e publicada no BOP do 8 de novembro de 2012, nos seus artigos 109 e seguintes nos que se fai referencia a probas deportivas, actos culturais, festas populares e análogas non recolle os motivos polos que sistematicamente se están negando permisos para as conexións a servizos xerais municipais como son os enganches á liña eléctrica.

Á vista das dificultades que padecen algunhas asociacións, entidades e determinadas persoas da nosa cidade para levar a cabo actividades en espazos públicos, resulta necesario denunciar a arbitrariedade coa que se conceden os permisos para as conexións a servizos xerais municipais e os constantes impedimentos para obstaculizar o normal desenvolvemento de actos públicos que non son do agrado do grupo de goberno.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

Que o Concello de Santiago respecte a normativa existente en materia de dereitos fundamentais e cumpra coa Ordenanza Reguladora de Actividades, Instalacións e Ocupacións da vía pública do Concello de Santiago aprobada no Pleno do 25 de outubro de 2012 “.

Don Rubén Cela di que realmente esta proposición nunca debería ter chegado a este pleno, e non o faría se o grupo de goberno do Partido Popular se cinguira ao cumprimento da normativa municipal e ás leis á hora de atender as peticións do asociacionismo para o uso dos espazos públicos en xeral, e os accesos aos enganches de luz en particular. A actitude do grupo de goberno ao respecto é limitadora de dereitos básicos, e dende o punto de vista do BNG, manifestamente ilegal e ética e politicamente inaceptable.

Lamentablemente, esta non é unha situación illada, e por desgraza, en moi pouco tempo Santiago ten retrocedido décadas nesta materia. Este goberno municipal do Partido Popular supuxo unha evidente involución para o exercicio de dereitos elementais e o normal funcionamento desta institución, o que se puxo de manifesto coa criminalización ata a extenuación de expresións culturais críticas co partido popular, como aconteceu coa sala Nasa, ou coa limitación da entrada da veciñanza aos plenos, e a negativa a realizar aquelas sesións que tiveran un grande interese público, como é o caso das preferentes, en espazos e horarios acaídos para facilitar a participación nos mesmos. Veuse tamén co impedimento do uso da sala de prensa deste concello ao BNG para unha convocatoria conxunta co artista Leo Bassi, e vese todos os días no funcionamento desta institución, con continuas brechas no seu normal funcionamento, como coa negativa do alcalde a cumprir o que marca o regulamento deste pleno sobre realizar tres debates do estado do municipio no mandato, secuestrándolle así a oportunidade á veciñanza de poder escoitar un debate sobre a política e o estado xeral deste concello, de portas para fora deste pazo de Raxoi, pero tamén de portas para dentro.

Tamén se ve a involución na falta de respecto ao traballo da oposición, aprobando un plan de axuste que condiciona a este concello ata o ano 2022, sen poder nin tan sequera ler a documentación, que foi entregada uns minutos antes da celebración daquel pleno, como pasará coa modificación das ordenanzas fiscais o vindeiro luns. Mostra deste xeito de proceder témola tamén coa aprobación da ordenanza dos usos da vía pública e a contestación social que tivo a mesma, e agora coa interpretación que fan dela nas autorizacións de enganches de luz, ou na colocación de faixas para ao asociacionismo desta cidade, e é precisamente por esta razón, pola que hoxe se presenta esta proposición a debate.

No seu día o BNG fixo unha advertencia moi clara ao Sr. Vázquez Aldrey, naquela altura o concelleiro impulsor da modificación da ordenanza de usos da vía pública, relativa a que a liberdade de expresión e o dereito de reunión son dereitos básicos,

recollidos na Constitución Española, polo que unha ordenanza municipal non pode acotalos. Advertíase tamén que dende o grupo municipal do BNG se combatería frontalmente neste pleno, e tamén na rúa, calquera intento de coartar dereitos básicos da cidadanía.

O grupo municipal do BNG non tiña e non ten problema en que se regule o uso da vía pública, pero co que o tiña e o ten é con que se dificulte o seu uso nos casos nos que a cidadanía lexítimamente considere oportuno manifestarse ou realizar calquera tipo de actividade propia de calquera asociación.

Daquela denunciábase o que o seu grupo consideraba abusos, fundamentalmente no que tiña que ver con requisitos burocráticos e económicos, por exemplo no réxime de sancións e fianzas, que ao seu ver tiñan unha intencionalidade limitativa do dereito de reunión e de expresión e do normal desenvolvemento das actividades públicas do asociacionismo de base da nosa cidade. Así, entendía o BNG que a reforma impulsada polo Partido Popular implicaba máis discrecionalidade e arbitrariedade, por exemplo na concesión de permisos, e que unha lectura restritiva podería permitir abusos e limitacións de dereitos fundamentais e liberdades públicas.

O primeiro borrador daquela ordenanza non era bo, especialmente se se ten en conta que xa viña precedido por actuacións moi discutibles por parte do concello, como pedir unha fianza de 400 euros a unha entidade para a realización dun video-forum, ou a non devolución no tempo estipulado de determinadas fianzas.

Coa presión política e social conseguíuse que se reconduciran parcialmente as cousas, e os cambios efectuados respecto ao primeiro borrador foron positivos, pero claramente insuficientes. Refírese o concelleiro en concreto a unha rectificación importante impulsada polo BNG, e finalmente aceptada polo señor Vázquez Aldrey, que mudaba a redacción inicial de xeito que ficaba claro que o Concello non podía cobrar nin taxas nin fianzas a unha entidade, por exemplo, por colocar unha mesa informativa, cousa que si habilitaba a redacción inicial da mesma. Tamén se posibilitou que finalmente a redacción a respecto dos enganches de luz, recollidos no artigo 109.3 quedara do seguinte xeito: “as conexións aos servizos xerais municipais suporán o aboamento da correspondente taxa polo enganche ao servizo do que se trate, e dos custos económicos orixinados pola súa utilización, agás no suposto de que estes actos ou actividades sexan organizados por entidades sen ánimo de lucro, o que significa que o Concello poderá cobrar polo enganche, pero en ningún caso pode impedilo. É máis, o BNG conseguiu que se introducira un apuntamento que non é menor, de que quedan exentas todas aquelas entidades sen ánimo de lucro. En definitiva, a ordenanza faculta ao concello para poder cobrar polos enganches de luz solicitados por entidades con ánimo de lucro, pero non para denegalos de xeito arbitrario.

O Sr. Cela, a modo de resumo, di que no seu día o Sr. Vázquez Aldrey estivo disposto a sentarse coa oposición a discutir, a negociar, a tentar buscar puntos de encontro, e a pesar da boa vontade a nivel individual, o resultado final non foi satisfactorio, pero é certo que esa presión política por parte do BNG, e a social por outra banda, conseguiron arrincar algunhas melloras significativas, aínda que visto o visto, tales melloras só figuran no papel, pero non na súa aplicación práctica. O que está a facer o goberno municipal, cando menos ate o día de hoxe, é algo que nunca acontecera nesta cidade, que é denegar de xeito sistemático, pero selectivo, todas as peticións que se reciben para acometer un enganche na rede eléctrica municipal para realizar diferentes tipos de actos ou manifestacións. Pregunta o concelleiro como é posible que o Partido Popular dende o Concello de Santiago denegase o enganche de luz para actos contra a LOMCE, para actividades feministas, para manifestacións das preferentes, para as celebracións do primeiro de maio e incluso para unha folga xeral, para manifestacións de organizacións políticas ou para actividades culturais. Iso si, igual criterio non foi o seguido en todos os casos, porque o pasado día 17 de xuño o grupo municipal do BNG formulou por escrito unha pregunta moi concreta que non foi contestada, aínda que o prazo para facelo é de quince días, e que o sr. Cela repite agora, e versa sobre os motivos que ten o Alcalde Santiago de Compostela para denegar as solicitudes de enganche para a electricidade e megafonía nas convocatorias de mobilizacións sociais lexitimamente convocadas na cidade.

Posteriormente, por escrito rexistrado o día 17 de setembro, o BNG pediu unha relación das peticións realizadas, as concedidas e as denegadas, e como era de agardar, tampouco recibiron resposta, aínda que polos datos coñecidos a contestación vai ser moi clarificadora. Que razóns hai para denegar un enganche de luz a un sindicato e concedela a un determinado colexio maior?, onde esta o criterio que marca iso?, se o hai, cando se aprobou?. Dende o seu punto de vista, a actitude do Concello é claramente arbitraria e fundamente antidemocrática ao limitar ou dificultar dereitos básicos, e por ese motivo o BNG vese na obriga de traer este debate ao pleno e esixir hoxe do goberno municipal un compromiso explícito de rectificación destas prácticas, pois a xustiza lles dá a razón e as resolucións xudiciais ditadas nos últimos tempos non deron lugar a moita interpretación.

Explica ao fío do anterior, que o pasado día 22 de abril o Xulgado contencioso administrativo núm. 1 de Santiago fallou positivamente un recurso especial interposto pola CIG ante a negación deste concello a pasar unha megafonía e a colocación dunha faixa. Tivo que ser un xulgado o que obrigara ó Concello, mediante a adopción de medidas cautelares, a permitir ese uso, ó igual que pasou coa convocatoria da Plataforma “Queremos Galego”, pois o Concello denegaba e finalmente sería o xulgado contencioso administrativo núm. 2 de Santiago o que emitira outro auto, obrigando á adopción de medidas cautelares perante o silencio administrativo municipal. Noutra ocasión, fai moi poucos días, outra resolución do Xulgado contencioso-administrativo



núm. 1 de Santiago de Compostela, de data de 27 de setembro, acordaba a adopción de medidas cautelares para a utilización dun punto de luz na praza de Praterias, para unha megafonía dunha marcha contra a LOMCE e a reforma educativa do PP.

Vistas as anteriores resolucións, o Sr. Cela pregunta ao goberno se lle parece razoable que unha entidade que queira realizar unha actividade ou unha manifestación nesta cidade teña que recorrer a un tribunal para que se autorice un enganche de luz. Tamén pregunta o concelleiro cuántas resolucións xudiciais se necesitan para cambiar de criterio.

Finalmente, e logo de afirmar que tal cousa nunca acontecera na nosa cidade, esixe o concelleiro que se cumpra a lei, e que o equipo de goberno deixe de ignorar as resolucións xudiciais, e de entorpecer o exercicio de dereitos básicos na nosa cidade.

Para Dona Marta Álvarez-Santullano, que fala seguidamente, o certo é que neste Concello en lugar de falar de avances sempre hai que facelo de pasos atrás sobre o xa conseguido. Se hai que recoñecer un mérito a este goberno é o de crear problemas onde non os hai, porque o certo é que nunca houbo problemas coas autorizacións de ocupación da vía pública e as conexións que a maiores se tiñan que facer para a celebración de actos na rúa.

Tamén é preciso dicir que despois do Plan Xeral de Ordenación Municipal, esta ordenanza foi á que se presentaron máis alegacións neste concello, 247 en prazo e 27 máis fora de prazo, e o que se está a cuestionar é a aplicación dos artigos 108 e seguintes da norma, que xa foran obxecto de debate tanto nas reunións mantidas entre os grupos políticos previas á aprobación do texto, como nas sesións plenarias de aprobación inicial e definitiva.

O certo é que nesas reunións xa se plantexaron diante do entón concelleiro don Albino Vázquez os problemas que podía traer a redacción, pois non se establecía ningún criterio para aceptar ou non as autorizacións, o que leva a que hoxe se estea actuando con discrecionalidade e con arbitrariedade.

Nesa mesma ordenanza facíase referencia a que os enganches de luz se aceptarían e cobrarían mediante unha taxa fiscal. Hai que dicir que esa ordenanza fai máis dun ano que foi aprobada, e unha vez máis a concelleira de facenda, á que tanto lle gusta poñer deberes á oposición, non fixo os seus, e nin no 2013 nin nas previsións para 2014 hai unha proposta sobre unha ordenanza fiscal que fixe cobrar o custo dos enganches de luz. O que se traslada á cidadanía é a inoperancia do grupo de goberno diante dos pedimentos de persoas, grupos, colectivos ou entidades que queren facer algún tipo de acto na rúa, máxime cando non se está procedendo á motivación da denegación, e precisamente iso é o que está a facer que haxa tantas resolucións xudiciais en contra.

A seguir lembra a concelleira que don Albino Vázquez lles dicía aos grupos da oposición naquela reunión previa á aprobación da ordenanza que non ía existir ningún problema na súa aplicación, porque ía facerse con sensatez. O certo é que non se está a aplicar con sensatez, que non se están motivando as denegacións, e que a ordenanza está a dar moitos problemas, que por certo nunca antes existiran.

Remata a intervención a concelleira indicando que o grupo socialista apoia, por suposto, a proposición do Bloque Nacionalista Galego en relación co cumprimento da ordenanza de ocupación da vía pública.

Don Juan de la Fuente toma o uso da palabra, e ante a pregunta do sr. Cela sobre cantas sentenzas facían falta, responde que hai dúas, de datas do 25 de febreiro do ano 2005 e do 18 de novembro de 2010, que diante de comportamentos similares do anterior goberno obrigaban a restablecer dereitos que hoxe a oposición defende con tanta lexitimidade dicindo que son coartados polo actual grupo de goberno. No tempo desas sentenzas a Sra. Santullano era concelleira de protección cidadá, e non pasou absolutamente nada.

Seguidamente o concelleiro indica que non é o Concello o que autoriza a celebración de manifestacións, pois iso é competencia da delegación do goberno, e o único que fai a administración municipal é redactar unha ordenanza que contemple a taxa, o que se vai facer.

A continuación explica o concelleiro que cando o grupo popular entrou a gobernar, o Concello estaba totalmente arruinado polo goberno bipartito, con débedas de máis de cinco millóns de euros coa empresa Urbaser, por exemplo, ou con débedas con Daviña que a levaron á quebra, ou cousas polo estilo, ó que hai que engadir trescentos mil euros en repoñer cable roubado. Diante diso, o goberno tivo que tomar medidas despois de falar con tódolos afectados, con sindicatos e partidos políticos, diante de problemas, por exemplo, de gastos de enerxía eléctrica. As asociacións de veciños consideraban increíble que o Concello pagara a luz aos sindicatos, e incluso algún deles, como o Sindicato Galego do Campo, viña dende Salceda de Caselas ou doutros lados a facer manifestacións a esta cidade, e o Concello poñía os cartos para os enganches da luz. Con todo, o caso máis curioso é o do BNG, ó que o concelleiro denegou unha solicitude para facer unha festa no Campus Universitario, porque a Universidade lles deixou o sitio, pero non o enganche da luz, e o BNG pretendía que a luz a pagara o Concello cando a formación cobraba 15 euros a cada un dos participantes na festa. Só faltaría que o Concello pagara tamén as empanadas e mais o viño. Sindicatos como Comisións Obreiras e asociacións de veciños entenderon perfectamente os recortes en iluminación pola situación na que o goberno anterior deixou o concello.

Parécelle increíble ao concelleiro que o BNG presente esta proposición, cando o único que fai a formación son merendiñas, e está claro que o grupo popular non vai apoiar as proposicións que presente a oposición. Explica seguidamente que no mes de agosto a unha asociación xuvenil que pertence ao Partido Popular se lle denegou tamén o enganche, e se lles explicou o mesmo que a outros partidos máis afíns ao BNG, como son a candidatura do pobo, sen que houbera o máis mínimo problema, ata que o BNG comezou a protestar, porque queren facer as festas a conta do concello, e iso non é así, porque se fan festas deben pagalas, como fai o Partido Popular. Repite que se aprobará unha ordenanza que recolla a taxa -aínda que con respecto á súa aplicación o Sr. de la Fuente ten discrepancias incluso co secretario desta corporación-, para que paguen todos, porque é moi fácil facer unha festa catro amigos, e dicir que son dunha asociación sen ánimo de lucro para que se lles poña a luz. Por eses derroteiros, se mañá ven aquí a orquestra Compostela e quere tocar en calquera sitio, o Concello tería que conceder a luz, o que non sería xusto, igual que non o sería se mañá se manifestan os das preferentes de toda Galicia.

O que manteñen as asociacións de veciños é o contrario do postulado polo BNG, pois creen que os partidos políticos e os sindicatos deben pagar o que teñan que pagar, e o que non é de recibo é que nos barrios haxa que apagar as luces por falta de cartos e pola situación caótica herdada do goberno anterior, mentres de repente ao BNG se lle ocorre facer merendiñas a conta do Concello.

Don Rubén Cela opón que ofende quen pode, non quen quere, e o Sr. de la Fuente quere pero non pode, e a súa intervención foi tan disparatada que non hai por onde empezar a rebatela. O Concello de Santiago ten un tecido asociativo importante, e ademais o feito de ser capital de Galiza fai que aquí haxa un maior número de reunións e eventos, non só exclusivamente de Santiago e da súa comarca. Por outra banda, opina o concelleiro que as administracións teñen que estar do lado das entidades asociativas sen dirixismos, sen intrusismos e con respecto ao seu traballo e a quen representan, e dende logo o Concello de Santiago non é absolutamente ninguén, e iso é o que din as sentenzas deses xulgados, para limitar un dereito constitucional. O que reiteradamente din os xulgados é que hai que conceder o enganche de luz cando unha asociación o reclama.

Non sabe o concelleiro se D. Juan de la Fuente se entera do que vota, porque votou a favor da aprobación dunha ordenanza que no seu artigo 109.3 di que quedarán exentas do pagamento da taxa as entidades sen ánimo de lucro. De todos modos o goberno non respondeu á pregunta formulada polo BNG sobre que entidades solicitaron eses enganches de luz, a cales se lles deron, e a cales non, porque ao fío da resposta podería saberse cal é o criterio de concesión e se hai ou non arbitrariedade. Tampouco se dou resposta á cuestión sobre onde están escritos eses criterios para conceder ou non conceder e onde se aprobaron, porque o BNG ten constancia de que determinadas entidades solicitaron enganches de luz e se concederon e de que a outras entidades que

solicitaron puntos de luz non se lles concederon, o que non é unha boa imaxe para Santiago de Compostela.

Facía o Sr. de la Fuente referencia ás preferentes, e lembra o Sr. Cela que houbo unha mobilización que encheu esta praza do Obradoiro de preferentistas de todo país, que tiveron que tirar cable ata unha das cafeterías colindantes coa praza do Obradoiro para enganchar a luz que o Concello lles denegou, o que non lles pasara en ningunha parte do país. O que non é razoable é que calquera organización política ou sindical que queira facer unha manifestación ou unha actividade en Santiago de Compostela, sistemáticamente xa saiba que vai ter que recorrer ao xulgado para poder ter un enganche, e non é razoable porque isto é a capital de Galiza, non unha cidade máis. O goberno non debe confundir maioría absoluta con maioría absolutista, porque a maioría absoluta facúltao para tomar moitas decisións coas que os outros partidos non están de acordo, pero non para tomar todas, e por iso, afortunadamente, hai enriba da mesa sentenzas xudiciais que avalan o que o concelleiro acaba de manifestar.

Dona Marta Álvarez-Santullano intervén a seguir, e en primeiro lugar afirma que non lle dá a risa a intervención do señor de la Fuente como lla dá a moitos dos seus compañeiros que están sentados nas bancadas do Partido Popular, porque entre outras cousas é mostra dunha total falta de respecto nalgunhas das súas expresións. Lembra a concelleira que ela no ano 2005 no era concelleira de seguridade, aínda que asume as decisións do compañeiro que estivera nese lugar; en todo caso, o Sr. de la Fuente pode falar únicamente de dúas resolucións xudiciais, que imaxina que levara bastantes días buscando, e se o concelleiro popular escoitou a intervención do Sr. Cela, decatárase de que nos últimos meses houbo máis de unha, de dúas, de tres e de catro, que por suposto que son máis que dúas en moitos anos, que dubida moito a concelleira que se refiran a enganches, pois en todo caso deben ser de altofalantes. Nunca se poden comparar situacións que son diferentes, e o que ten que facer o Sr. de la Fuente é dicir a verdade e ler o que ten diante, e non tratar de enganar. Por suposto que tódolos concelleiros saben que as manifestacións as autoriza a Delegación de Goberno, pero non estamos a falar diso, senon dunha serie de cuestións que por entrar dentro das competencias municipais ten que autorizar o Concello, e por suposto que non é a Delegación de Goberno quen ten que autorizar un enganche de luz.

En relación ás taxas, don Juan de la Fuente acaba de poñerlle os deberes á Sra. Sierra con moita máis insistencia que a Sra. Santullano, pois dixo concretamente que a ordenanza non estaba aprobada de todo (nin de nada, por certo), pero é que tampouco vai ser aprobada o luns no pleno no que se aproben as ordenanzas fiscais para o ano 2014, malia que o Sr. de la Fuente afirmou que inmediatamente se poñería en marcha.

Afirma seguidamente a concelleira que o Sr. de la Fuente tamén descoñece o que é o Estatuto da Capitalidade, e precisamente a cantidade que dende a Xunta de Galicia se lle

aporta ao Concello de Santiago en concepto de capitalidade é para compensar ese tipo de gastos, por exemplo os derivados das concentracións dos preferentistas ou doutro tipo de manifestacións ou reunións que se celebran nesta cidade por ser a sede das institucións autonómicas, e por ser a capital de Galicia.

Sobre as taxas que segundo o concelleiro popular hai que cobrar a todo tipo de entidades, colectivos ou asociacións que queiran facer algún tipo de acto na cidade, lembra a Sra. Santullano que o pasado mes de marzo o grupo municipal socialista fixo unha pregunta por escrito en relación ás taxas que pagou o señor Conde Roa por facer copias de expedientes que solicitou por escrito para a súa defensa nas dilixencias previas denominadas “pokemon”, pregunta que aínda non obtivo resposta e que foi repetida hoxe pola mañá, dado que o anterior alcalde é un cidadán máis, exactamente igual que os case cen mil cidadáns que hai en Santiago de Compostela.

Don Juan de la Fuente responde que a Sra. Santullano non sabe nin o que é o Estatuto da Capitalidade, e debe lelo, ao igual que fixo o Sr. de la Fuente, pois nel se contempla a exención de impostos para a Xunta por exemplo nos coches oficiais ou no IBI, non outras cousas, como a luz para as merendas do BNG.

Repíte que todas as entidades e asociacións de veciños comprenderon perfectamente a situación e a necesidade de apagar as luces nos barrios, dado o desfase orzamentario da partida, pero o que non entenden é que o Bloque Nacionalista Galego non pague a luz.

O anterior goberno bipartito deixou o Concello absolutamente arruinado, e así tivo que pechar Daviña, porque se lles adebedaban case seiscentos mil euros e os obreiros estaban sen cobrar, pois esa era a forma anterior de xestionar o Concello.

Don Luís Bello intervéñe seguidamente, e explica que as autorizacións concédeas a Subdelegación do Goberno, que normalmente outorga ó Concello vinte e catro horas para alegar calquera problema, por recorridos ou outras causas, pero hai casos moi concretos, como os que se refiren á Confederación Intersindical Galega, nos que á parte da solicitude do punto de luz, engádesse a de pancartas e megafonía, e non hai problemas na colocación de pancartas sempre que paguen a correspondente fianza, porque se non as retiran eles téñenas que retirar os equipos municipais, nin na megafonía. Outras veces teñen pedido o palco da praza da Quintana, que se lles deixa se está instalado, pero ó que non está disposto o concelleiro é a que estean cinco días antes da manifestación percorrendo a cidade con vehículos con megafonía, pois o Sr. Bello non quere que Santiago se converta nun circo. Deste modo, o concelleiro desautorizou esta medida, autorizándoa para o día anterior á manifestación, pero como agora hai determinados colectivos afeitos a denunciar todo aquilo que se menea, denunciárono, e os xuíces consideraron que se vulneraba o dereito de reunión

Procédese á votación, e por 12 votos a favor, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra, dos membros do grupo municipal popular, o Pleno da Corporación rexeita a proposición formulada polo grupo municipal do BNG para garantir as conexións a servizos xerais municipais.

## **7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO PLAN DE AXUSTE.**

A proposición presentada o día 23 de outubro de 2013, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa ao Plan de axuste.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Plan de axuste, aprobado polo Pleno municipal o 30 de marzo de 2012, prevé unha redución dos gastos de persoal nos orzamentos ordinarios do Concello que, consideradas no seu conxunto, acadan unha contía de 2.115.000 € para o período 2012-2014.

Nas partidas de acción social, xubilacións, produtividade e formación o goberno municipal xa minorou nos dous últimos anos 1.015.000 € sobre as obrigas comprometidas no 2011.

A suma total do aforro xerado pola amortización de prazas, xunto coa suspensión das ofertas de emprego público, do período 2012-2014, vai xerar ao remate do 2014 un aforro total de 2.728.281 € fronte aos 790.000 € previstos no Plan de axuste. A isto hai que engadir a supresión da paga extra de Nadal, días de libre disposición, permisos, ... medidas todas elas das que se desprende un aforro adicional estimado nuns 2.000.000 € que non se están a imputar ao dito plan.

Todo o anterior reflíctese no resultado da liquidación do exercicio 2012 das contas municipais, no cal figura un superávit no capítulo I de gastos de persoal duns 2.127.309,84 € sobre as obrigas recoñecidas no exercicio anterior. Todo indica que a liquidación do exercicio 2013 terá un resultado semellante no que atinxe a gastos de persoal.

Todo o anteriormente exposto demostra que os recortes realizados sobre os dereitos laborais do persoal municipal non eran/son necesarios. Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. O Goberno municipal, logo da negociación c@s representantes d@s empregad@s municipais, modifique o Plan de axuste no sentido de imputar a este o aforro realmente xerado pola amortización de prazas vacantes e suspensión das ofertas de emprego nos anos 2012 e 2013, así como o derivado da supresión da paga extraordinaria de Nadal do 2012, eliminación dos permisos e licenzas e supresión do 100% da prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo do Concello.
2. O Goberno municipal modificará as previsións do Plan de axuste no que atinxe ás previsións de aforro polas prazas vacantes do cadro de persoal para o exercicio 2014.
3. O Goberno municipal, logo da negociación cos sindicatos con presenza na Mesa Xeral de Negociación do Concello, deixe sen efecto os recortes efectuados no Orzamento municipal do exercicio 2013 nas partidas de acción social, xubilacións e produtividade correspondentes ás prazas vacantes, ás partidas do Orzamento nº 100.92000.16204 – Gastos de Acción Social, 100.92000.16108 – Outras prestacións sociais (indemnizacións, xubilacións) e 100.92000.15000 – Produtividade, até acadar as contías comprometidas no Acordo Regulador/Convenio Colectivo vixente.
4. O Goberno municipal, nas previsións do cadro de persoal para o Orzamento 2014, inclúa as prazas de promoción interna que figuran no Acordo Regulador e demais acordos da Mesa de Negociación a este respecto.”

Don Rubén Cela explica que o Bloque Nacionalista Galego está moi preocupado polas decisións que se levan tomado en materia de persoal nos últimos tempos. Xa ten manifestado neste pleno de xeito reiterado a súa opinión sobre a non xustificación da existencia de tres secretarios ou tres interventores, pero sobre todo segue a insistir na absoluta irracionalidade de que existan habilitados nacionais que supoñan un custe as arcas públicas de case sesenta mil euros ao ano, que denuncian que non teñen carga de traballo porque este goberno non lle dá, e iso é difícil de explicar a calquera veciño de Santiago. O seu grupo ten reiterado a súa posición sobre a creación de determinadas xefaturas de área, ao tempo que se reducen outro tipo de prazas, sen que iso respondera a unha reestruturación real dos servizos, nin teña repercutido nun mellor funcionamento dos mesmos, e incluso noutros casos claramente innecesarios, como o da xefatura da área de seguridade, que a día de hoxe segue vacante tras a marcha da señora Hinojosa.

Agarda o concelleiro que non se lle pase pola cabeza ó goberno crear máis prazas deste tipo, ou subdireccións, nomeadamente, en departamentos como urbanismo, no que precisamente se ten reducido notablemente a carga de traballo. Non lle parece normal o

xeito de proceder, como elefantes en cacharrería, á hora de efectuar determinados cambios, como así ten posto de manifesto recentemente o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nin lle parece normal tampouco dar nomes de quen vai ocupar unha praza, por moi de libre designación que sexa, antes de que remate o prazo para presentarse á mesma, ou que para abrialle un expediente a un traballador público, no caso de que haxa motivos para facelo, dende as responsabilidades políticas se recorra a métodos máis propios da “Cosa Nostra” que dunha institución democrática.

A política de persoal está absolutamente errada, e ten provocado un descontento xeneralizado no conxunto dos traballadores e traballadoras desta casa. Dende o punto de vista do BNG, en materia de persoal é difícil facelo peor, e o único gran mérito na materia non é outro que facer que todas as centrais sindicais con representación neste concello actúen como unha única voz ante os atropelos continuados que están a sufrir por parte do goberno municipal.

Dentro deses atropelos hai un que é absolutamente indefendible, que é a aplicación do plan de axuste en materia de persoal e a interpretación que o goberno municipal fai do mesmo, que fundamenta a proposición que hoxe se debate neste pleno.

O Plan de axuste, que se aprobaba cos votos favorables do Partido Popular o 30 de marzo de 2012, prevía unha redución dos gastos de persoal nos orzamentos ordinarios do Concello que, considerada no seu conxunto, acadaba unhas contías de 1.325.000 euros polo lado dos recortes sociais, e 790.000 euros polo lado da amortización das prazas, do que resulta unha contía de total 2.115.000 € para o período 2012-2014.

En relación cos recortes nos gastos sociais, o Concello xa minorou no orzamento de 2012 uns 350.000 euros, e outros 665.000 euros máis no ano 2013 sobre as obrigas recoñecidas no ano 2011, tanto nas partidas de acción social, como nas de xubilacións, produtividade e formación.

No que atinxe ás previsións polo lado das prazas, se ben é certo que se cumpriron as previsións de amortizar cinco prazas vacantes co gallo da promoción do cadro de persoal de 2013, non é menos certo que por mor da suspensión das ofertas de emprego público establecida polo goberno do Estado, o aforro xerado por este concepto está sendo sensiblemente superior ás contías inicialmente previstas no plan de axuste, aforro que cómpre analizar polo miúdo.

En relación co ano 2012 o plan de axuste ten previsto un aforro por amortización de prazas de 93.000 euros, cando o aforro real, coa supresión das ofertas de emprego, alcanzou os 337.825 euros. No exercicio de 2013, o aforro xerado conxuntamente polas xubilacións do 2012 e do 2013 alcanza unha contía de 922.973 euros, fronte ao aforro previsto do plan, que era tan só de 268.000 euros. Por outra banda, de manterse a



suspensión das ofertas de emprego prevista no Proxecto de Lei de Orzamentos xerais do Estado, o aforro xerado para o ano 2014, polas prazas vacantes e non cubertas dos anos 2012 e 2013 acadaría nesta anualidade a cifra de 1.307.483 euros, aos que habería que sumar o aforro xerado polas xubilacións producidas no propio ano 2014, que segundo o que prevía o propio plan de axuste, era de 160.000 euros, é dicir, un total de 1.467.483 euros. En conclusión, a contía total do aforro xerado pola amortización de prazas, xunto coa suspensión das ofertas de emprego público para o período 2012-2014, vai xerar ao remate do ano 2014 un aforro total de 2.728.281 euros, fronte aos 790.000 previstos no plan de axuste.

Visto no seu conxunto, só a contía do aforro real xerado polas prazas vacantes do período 2012-2014 superaría as previsións totais que figuran no plan de axuste para amortización de prazas e acción social conxuntamente, por máis de 600.000 euros, ou, o que é aínda máis significativo, de manterse as previsións do plan de axuste, o aforro real producido nos gastos de persoal por mor da conxelación das ofertas de emprego e os recortes sociais alcanzaría para o período 2012-2014 a contía de 4.053.281 euros, é dicir, practicamente o dobre do aforro previsto no plan de axuste.

Estes datos indican por si mesmos que os recortes producidos nos dereitos laborais do persoal municipal están totalmente inxustificadas, pois realmente estase a producir un aforro superior ao previsto, pero non se está a imputar ao plan de axuste, sen que existan razóns legais ou administrativas que o impidan, como se pon de manifesto nos informes de intervención emitidos para estes efectos, o que significa que a decisión é exclusivamente política.

Para máis abundamento -engade o Sr. Cela- cabe indicar que o Real Decreto Lei 20/2012 estableceu a supresión da paga extra do nadal do ano 2012, a eliminación de determinados días de permisos e licenzas de libre disposición, nun número medio de once días anuais para cada empregado municipal, así como a supresión do 100% da prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das administracións públicas.

Todas estas medidas xa foron aplicadas ou se están a aplicar ao persoal do Concello de Santiago, medidas das que derivaría un aforro adicional estimado en máis de dous millóns de euros no mesmo período.

Todo o exposto queda reflectido no resultado da liquidación do exercicio de 2012 do noso orzamento municipal, onde figuraba un superávit no capítulo I de gastos de persoal de 2.127.309 euros sobre as obrigas recoñecidas no exercicio anterior, cando no plan de axuste se prevían 443.000 euros de aforro total.

Por todo isto, a proposta que hoxe presenta o BNG ten as seguintes pretensións:

- Modificar o plan de axuste no sentido de imputar ao mesmo o aforro realmente xerado pola amortización de prazas vacantes e a suspensión das ofertas de emprego nos anos 2012 e 2013, así como o derivado da supresión da paga extraordinaria de Nadal do 2012, a eliminación dos permisos e licenzas e a supresión do 100% da prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo do Concello, así como modificar o Plan de axuste no que atinxe ás previsións de aforro polas prazas vacantes do cadro de persoal para o exercicio 2014.

- Negociar cos sindicatos que teñen presenza na Mesa Xeral de Negociación do Concello, e deixar sen efecto os recortes efectuados no Orzamento municipal do exercicio 2013 nas partidas de acción social, xubilacións e produtividade.

- Que nas previsións do cadro de persoal para o Orzamento 2014 se inclúan as prazas de promoción interna que figuran no Acordo Regulador e demais acordos da Mesa de Negociación a este respecto.

Remata esta intervención o concelleiro indicando que na pasada sesión plenaria o grupo de goberno rexeitou unha proposta que presentaba o grupo municipal socialista, e que apoiou o BNG, no sentido de adiar a aplicación dos recortes nos gastos de acción social, incentivos á xubilación, e formación e produtividade ata o ano 2022, prazo total de vixencia do plan de axuste. Naquel pleno, que se realizaba fai hoxe un mes, a señora Sierra dicía rexeitar a proposta porque se quedaba curta, e pregunta por tanto o concelleiro se a proposta formulada polo BNG é tamén cativa. En todo caso, e dado que xa pasou un mes dende aquel pleno, supón o sr. Cela que hoxe haberá posibilidade de coñecer cal é a proposta da señora Sierra.

Dona Marta Álvarez-Santullano toma o uso da palabra, e lembra que na sesión plenaria do día 26 de setembro, Dona Cecilia Sierra dicía que o grupo de goberno rexeitaba a proposición do grupo municipal socialista porque -dicía expresamente a concelleira de Facenda- a proposta que tiña o goberno era moito máis ambiciosa que a que presentaba na súa proposta o grupo socialista. O que pasa é que algo máis dun mes despois o que hai, unha vez máis, é nada de nada.

A última mesa de negociación convocada polo goberno municipal foi a do día 16 de xullo de 2013, e van aló máis de tres meses e medio que non se convoca ningunha outra, período que non é certamente curto, sobre todo no momento no que estamos, imaxínase a concelleira que a piques de presentar o orzamento para o ano 2014, e con moitas cuestións que falar, que debater e que negociar cos representantes dos traballadores municipais.

O grupo municipal socialista ten manifestado en numerosas ocasións cal é a súa opinión sobre a política de persoal, que é inexistente nunha parte moi importante, pero na parte que o goberno municipal aplica os seus intereses, normalmente políticos, é verdadeiramente nefasta, e se basea en recortar os dereitos dos traballadores, ou en seguir contratando comisarios políticos mentres están pendentes de pagamento máis de 60 mil euros en horas extras da policía municipal pendentes dende o ano 2012. Opina a concelleira que ó goberno lle debería dar vergoña que máis dun ano despois, traballadores que realizaron o seu traballo en noites, mañás e tardes, estean sen cobrar os cartos que se lles adebedan, igual que se adebedan indemnizacións por incapacidade, por xubilación e por falecemento do ano 2012, mentres se seguen a contratar comisarios políticos, directores de área e outro tipo de persoal do que falará a seguir.

A verdade é que o goberno municipal está permanentemente dando leccións para as que realmente non está capacitado. No último mes podemos falar dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que repón ao seu posto á ex-xefa de servizo de persoal deste concello, e lembra a Sra. Santullano que cando se ditou a sentenza en primeira instancia, o goberno municipal fixo unha rolda de prensa para falar única e exclusivamente desa sentenza. Non veu sen embargo a concelleira que fixeran agora ningunha rolda de prensa despois de que se tivera pronunciado o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o mesmo asunto, e quere traer a colación a Sra. Santullano algunhas das manifestacións que o goberno fixo entón, incluso falando de pedir responsabilidades penais a unha traballora que o único que facía era defender os seus dereitos, o que dá idea do talante do Partido Popular.

Continúa afirmando a concelleira que o goberno segue aforrando cartos no capítulo I a costa dos traballadores deste Concello, pois non hai cartos para pagar indemnizacións, nin para pagar as horas extras, pero hai novos directores de área neste concello dende que non se pagan esas horas extras, e por exemplo no departamento de tráfico tres traballadores máis durante seis meses, un enxeñeiro técnico, un arquitecto técnico e unha administrativa, e outro posto máis, o que supón catro traballadores máis que os que había fai algo máis de dous anos, e por certo, funcionando peor que nunca, e máis lentamente que nunca, tendo en conta que o goberno acaba de incorporar á plantilla aos traballadores de EMUVISSA, algúns por certo, coa titulación desas persoas que se acaban de incorporar no departamento de tráfico.

As restricións que se están a facer en materia de persoal ao final repercuten na cidade e na súa na seguridade. Hoxe mesmo, no “Correo Gallego” podía ler un artigo dun doutor desta cidade, que precisamente se queixaba de falta de seguridade no casco histórico da cidade, e a resposta que se lle dera por parte deste goberno é que non había policías municipais para patrullar no casco histórico da cidade. Non sabe a concelleira cal é exactamente a xestión dos recursos humanos da policía local, pero o que si sabe é

que este este goberno nos últimos dous anos ten amortizado e ten eliminado da relación de postos de traballo aproximadamente trinta prazas de policía municipais. Dar pasos atrás é moi fácil, pero dar pasos adiante é o máis complicado.

Coas limitacións que hoxe impón a lei de orzamentos do Estado en relación á incorporación de novo persoal ás administracións públicas, recuperar esas trinta prazas da policía municipal levará moitos anos, pero o actual goberno dalle absolutamente igual, pois segue na mesma posición de confrontación permanente, sen consenso e sen rectificacións, incluso facendo declaracións públicas sobre persoal deste concello que provocaban que hoxe no xornal “La Voz de Galicia” dúas traballadoras desta casa tiveran que responder, precisamente, ás declaracións deste goberno sobre as súas contratacións e a prestación de servizos nesta casa. Mentres, se segue a contratar persoal, directores de área, e incluso se di que se vai crear unha subdirección de área no departamento de persoal, para facer algún tipo de acople, aínda que a concelleira o pon en dúbida.

Como isto non ten pés nin cabeza, a concelleira pide a Dona Cecilia Sierra que convoque unha mesa de negociación, e que fale cos representantes dos traballadores, pois non vale dicir que eles non acoden.

A seguir, indica a Sra. Santullano que o seu grupo vai votar a favor desta proposta, porque está na liña das presentadas polo PSdeG-PSOE nos últimos tempos, e dado que xa van nove meses dende que Dona Amelia González Brandariz remitiu unha carta á Sra. Sierra favorable á proposta sindical, cree a Sra. Santullano que xa é momento de que o goberno se sente a falar cos representantes dos traballadores.

Dona Cecilia Sierra intervén a seguir, e dá a benvida aos señores do Bloque ao mundo da economía do Concello de Santiago, pois ao contrario que os seus compañeiros da oposición, do grupo socialista, polo menos plantexan unha opción numérica de propostas que máis ben con pouco acerto se plasman no papel a través dunha proposta concreta, que anticipa merecerá o voto contrario do seu grupo.

O motivo do voto contrario do grupo de goberno baséase na idea de que con quen hai que revisar e negociar a flexibilización do plan, porque a modificación non é posible, é cos traballadores do Concello de Santiago directamente, a través dos seus representantes, como non podía ser doutra maneira, que é o que se ven facendo dende sempre.

Os grupos da oposición queren converterse en adalides do colectivo dos traballadores do Concello, pero non o son, porque o único mérito que teñen é o de ser cómplices da situación económica xerada nos últimos anos, e que provocou a necesidade de acudir a

un plan de axuste, por non ter liquidez suficiente para afrontar un plan de pagamento a provedores, o que obrigou a pedir un préstamo de case trece millóns de euros.

Explica a concelleira que corría o ano 2011, concretamente o mes de xullo, e o Partido Popular, tras gañar as eleccións, entra a gobernar e se atopa cunha situación económica que máis ala das cifras que reflexaban as liquidacións de exercicios anteriores, sobrepasaba con creces os peores augurios imaxinables.

Durante case seis meses, os membros do goberno foron testemuñas dun desfile incesante de persoas que transmitían unha situación desesperada polas débedas que o concello mantiña con elas, moitas dende facía máis dun ano, grandes empresas, concesionarias, empresarios e autónomos que debido a súa gran dependencia económica do concello, alegaban que ou dita débeda se saldaba con celeridade ou terían que pechar os seus negocios ou botar á rúa aos seus traballadores.

E naquel momento en caixa había nada máis e nada menos que catro millóns de euros, segundo a acta de arqueo aportada coa documentación de traspaso de poderes, cartos para facer fronte ás nóminas do mes e pouco máis, porque en nóminas e seguros sociais o Concello paga ao mes dous millóns e medio de euros, e entre intereses e préstamos paga 750 mil euros, tamén ao mes. Ao anterior engade que como pendente de pago do exercicio corrente, é dicir, do propio ano 2011, había catorce millóns de euros, sen contar o que estaba pendente doutros anos e o que estaba no caixón, como a débeda con Fenosa, por importe de máis de dous millóns de euros. En total, a débeda con provedores sobrepasaba os vinte e dous millóns de euros.

En abril de 2012 aprobouse o plan de pago a provedores esixido pola administración central, e o importe total de facturas aprobadas e pagadas grazas a ese plan foi de cerca de trece millóns de euros, derivados dunha situación de débeda arrastrada do goberno anterior, que hoxe é oposición, pero o alivio que supuxo para as economías dos composteláns e compostelás mereceu a pena. Para facer fronte a dito pago, e como non había liquidación suficiente en caixa, houbo que deseñar un plan de axuste que permitise encarar esa débeda no tempo, ó igual que se acudiu por gobernos anteriores a dous plans financeiros, por certo incumplidos, porque daquela imperaba o criterio de gasto por gastar, sen preocuparse dos ingresos. Xa no ano 2012, como ós grupos da oposición lles fastidiaba que o goberno fora cumprindo os seus obxectivos de pagar o que se debía, se lles ocorrían ideas peregrinas, como pedir en vez de préstamo unha operación de tesourería, ou a barbaridade de utilizar o resultado do exercicio para facer fronte ás débedas.

Afirma a concelleira que os axustes non gustan a ninguén, pero acudir a eles é unha mostra de responsabilidade, pois o goberno non está facendo máis que aplicar o sentido común, e apretar o cinto, como faría e fai calquera familia na situación na que nos

atopamos. Seguidamente a concelleira dá as grazas aos seus compañeiros e compañeiras de corporación, pois sen a axuda de todos o esforzo tería sido en balde, a todos os cidadáns de Santiago de Compostela, e tamén a todos os funcionarios desta casa, que asumiron cunha elegancia increíble estas cuestións.

Explica a concelleira que se reduciu o gasto en dedicacións e asesores en 700 mil euros, o que suporá un aforro na lexislatura dun millón cincocentos mil euros, reduciuse o gasto superflúo nun millón e medio de euros, pasando a partida de gastos diversos de cerca dun millón de euros en 2010 a trescentos cincuenta mil euros en 2012, licítanse os contratos á baixa, tendo aforros incluso de ata un 30%, está xa está en proceso de licitación o concurso de auditoria enerxética, como estaba contemplado no plan e as fórmulas para estudar as centrais de compras, o que fará máis barata e máis fácil a xestión. Ademais, o goberno orzamentou con superávit en dous exercicios consecutivos por primeira vez na historia, por riba do remanente negativo, e todo iso sen reducir o salario ós traballadores municipais, sen plantexar ningún despido ou ERE no Concello, tal e como está a ocorrer noutros, e sen reducir servizos públicos básicos.

A seguir, informa a Sra. Sierra de que se está a ultimar a preparación de toda a documentación necesaria para establecer a toma de decisións en materia de axustes nos próximos anos, por iso lle resulta increíble que a oposición non sexa capaz de recoñecer o esforzo e o resultado obtido polo equipo de goberno, que se traduce na redución do período medio de pago de 143 a 74 días, na redución da cifra de pendente de pago, de 31,5 millóns, a 17,5 millóns, no incremento do remanente líquido de tesourería, que pasa a ser positivo en case 2 millóns de euros, no incremento da estabilidade orzamentaria, que pasa a ser de 10 millóns e medio de euros, que non servirán de colchón en exercicios futuros, e en definitiva na mellora de todos os ratios financeiros e patrimoniais, que fan que sexamos máis solventes e máis autónomos. Todos estes datos vanse traducir en boas novas, e isto verase nun futuro moi próximo, aínda que non a través da proposta que hoxe o Bloque trae a consideración.

Don Rubén Cela di que hai un mes a Sra. Sierra viña anunciando que as propostas que se formulaban aquí se quedaban curtas, pois ela tiña unha máis ambiciosa, co cal ninguén debe hoxe agardar a que a concelleira anuncie que vai haber moi boas noticias nun futuro próximo, porque dende logo debería ser aquí, nesta sede precisamente, onde xa hai unha proposta que se pode debater e aportar o que sexa conveniente.

Co único co que está de acordo o concelleiro da intervención da Sra. Sierra é con quen hai que negociar a flexibilización do plan de axuste é cos traballadores e traballadoras deste concello, pero o problema é que o goberno non o fai, e por iso os grupos da oposición se converten no penúltimo recurso que teñen moitas persoas para reivindicar os seus dereitos. De feito, hoxe o BNG presenta esta proposta porque o goberno nin negocia nin chega a acordos con quen o ten que facer.

No que atinxe ao resto da intervención da concelleira, aconséllalle que deixe de vivir do pasado e que afronte o futuro, e o presente sobre todo, porque un ano vale, pero imos polo terceiro ano de mandato. A Sra. Sierra non respondeu a nada do que se recolle na proposición, cando a súa filosofía é moi simple: o plan de axuste calculaba que no período 2012-2014 o concello tiña que aforrar algo máis de dous millóns de euros no capítulo 1, e o BNG está a dicir é que se o aforro vai ser de máis de catro millóns de euros, o que o goberno non está a facer é computar ben ese aforro no plan de axuste, e polo tanto non son necesarios determinado tipo de recortes adicionais. Esa flexibilización pode facerse tanto no aprazamento, que era o que se falaba no pleno do mes pasado, como directamente coa eliminación deses recortes.

O que plantexa a proposición é por suposto importante para os traballadores deste concello, pero tamén para todos os veciños e veciñas de Santiago. O primeiro punto do pleno de hoxe foi dar unha condecoración aos veciños e as veciñas de Angrois, e naqueles días todos os grupos coincidían en que había que destacar o bo facer dos servizos públicos deste concello, dos bombeiros, da policía local, de protección civil, dos traballadores do CERSIA, dos servizos sociais, en definitiva do conxunto dos traballadores e traballadoras deste concello. Cando se están aplicando estes recortes, estanse a aplicar sobre estes servizos e sobre esas persoas, e polo tanto, recortar en persoal ten unha tradución directa nos servizos prestados aos cidadáns, que os ven empeorados notablemente, polo tanto a proposición non vai dirixida en exclusiva aos traballadores e traballadoras deste concello, senón que é para o conxunto da cidadanía.

Por último, estima o Sr. Cela que este tipo de debates non se deben afrontar con fuxidas cara adiante, nalgún caso moi desafortunadas, pois foron tremendamente desafortunadas as declaracións do señor alcalde no día de onte, e con insidias e calumnias non é como se van resolver os problemas de persoal deste concello. O Sr. Currás, en concreto, facía unha serie de afirmacións a respecto de traballadores deste concello e de como conseguiron as súas prazas de traballo, que non son propias e non son de recibo que proveñan do propio alcalde desta cidade; en concreto facía referencia tamén a unha praza do Auditorio, e o Sr. Currás sabe perfectamente, xa que formaba parte da dirección do organismo autónomo, que o Tribunal daquela oposición libre estaba formado nada máis e nada menos que polo Colexio Oficial de Xornalistas, polo Consello da Cultura Galega, pola Facultade de Ciencias de Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, e polo gabinete de prensa da Universidade de Santiago de Compostela, institucións que decidiron libremente a qué persoa designaban para o Tribunal, nunha convocatoria á que se presentaron vinte e cinco persoas, cun temario de 64 temas, e probas teóricas e prácticas. O Sr. Currás, coñecedor destas circunstancias, adícase a lanzar insidias e intenta calumniar, e dende logo non é bo que este goberno cuestione ó Poder Xudicial, pero tampouco é bo que cuestione a honorabilidade, a imparcialidade, a independencia e a capacidade de institucións como a

Universidade de Santiago, como o Consello da Cultura Galega, ou como o Colexio Oficial de Xornalistas.

Para Dona Marta Álvarez-Santullano, que fala a seguir, a intervención de dona Cecilia Sierra é un exemplo da actitude do goberno con respecto ao persoal e aos traballadores municipais. Sorpréndelle unha vez máis que en vez de ser a concelleira de persoal quen defenda o posicionamento do goberno en relación ao persoal desta casa, sexa a superconcelleira de facenda, persoal e contratación quen o faga, pois seguramente podería falar máis polo miúdo dona Amelia González que a Sra. Sierra, que non falou de absolutamente nada que teña que ver co persoal, non contestou a ningunha das cuestións que se plantexan na proposición que hoxe ven ao pleno, nin ás cuestións formuladas nas intervencións de Don Rubén Cela e da Sra. Santullano. En calquera caso, non facía falta que a concelleira de facenda anunciara ó inicio da súa intervención que ia votar en contra, pois xa o Sr. de la Fuente na súa anticipaba que como sempre ían votar en contra das propostas e proposicións que se fan dende a oposición.

Pensa Dona Marta Santullano que unha vez máis a dona Cecilia Sierra lle prepararon a súa intervención, e así ten algúns lapsus que non se axustan ás intervencións previas. O que o grupo socialista pediu dende o primeiro momento é que o goberno negocie cos representantes dos traballadores, sen facer deixazón da súa responsabilidade. Teñen que ser os grupos da oposición os que sistematicamente soliciten a adopción destas medidas, pois a este goberno a política de persoal, dos traballadores desta casa, non lles importa absolutamente nada, e dá igual o que se lle plantexe, que a Sra. Sierra resposta o que lle parece. Memorizou unha serie de cifras en relación aos datos económicos, e as repite unha e outra vez en cada unha das súas intervencións.

É unha mágoa -engade a concelleira- que non se convoque a sesión de debate do estado do municipio, porque xa van dous anos e medio deste goberno, e non se convocou este pleno, sendo que hai obriga de convocalo de acordo co Regulamento do pleno. E é unha mágoa que non se convoque porque a Sra. Sierra podería pasarlle a súa intervención sobre os avances en materia económica ao Sr. Alcalde, para que dera a todos unha lección ese día. En todo caso, a verdade é que a Sra. Sierra repite permanentemente as mesmas cifras e as mesmas cuestións, exactamente igual que o Sr. D. Juan de la Fuente que tamén aprendeu unhas cifras, e dá igual do que se fale que el repite exactamente o mesmo. Sen embargo, a Sra. Santullano si vai contestar a algo que seguramente a concelleira de facenda lle escoitou en numerosas ocasións, e que aínda que sabe que non vai ter ningún efecto, non por iso se vai cansar de repetilo, e é precisamente o resumo das actuacións deste goberno en materia de persoal.

Así, di a concelleira que se suprimiu a practica totalidade das prazas de promoción interna comprometidas no acordo regulador, diminuíron os dereitos dos traballadores recoñecidos nese acordo regulador, se incrementou o cadro de persoal con direccións de



área nas áreas de persoal e contratación, na área de seguridade cidadá (por certo a estas alturas moi cuestionada esta última sobre cales eran as competencias e funcións que tiña asignadas a directora de área de seguridade cidadá neste concello), na área de facenda, e na de urbanismo. Hai novas xefaturas de servizo en planeamento, en licenzas, en tráfico e en promoción económica, e persoal contratado novo no departamento de tráfico, e mentres, os traballadores deste concello seguen sen cobrar as súas horas extras, incluso da anualidade do ano pasado, e os ex-traballadores deste concello, que por falecemento, incapacidade permanente ou xubilación xa non forman parte da plantilla e da relación de postos de traballo, tampouco cobraron as contías ás que teñen dereito, precisamente por ese acordo regulador que recentemente, por non ser denunciado por este goberno, se acaba de prorrogar.

O descrito é o balance da política de persoal do grupo de goberno, ao que lle recomenda volver ao consenso e saír da confrontación permanente para permitir avanzar algo.

Dona Cecilia Sierra pide que os grupos da oposición non lle dean leccións sobre a política de persoal municipal, e di que en primicia vai dar unha información que fai referencia á política de persoal seguida polo goberno anterior, e é que vai haber que facer fronte a cincocentos mil euros de pagamento en execución de sentenzas a persoal doutras empresas que nestes momentos xa están traballando para o concello.

Pide a seguir respecto polo traballo que están a realizar os directores de área, que son persoas que pertencen á plantilla do concello, traballadores do concello, e con relación á alusión que se fixo á “Cosa Nostra”, di que si é cousa do goberno a organización municipal e o xeito de levala a cabo, pois non é cousa da oposición facelo.

O grupo popular -engade- atopouse cun desaxuste entre a plantilla e a RPT nada máis entrar de tres millóns de euros, de prazas que estaban na plantilla sen presupostar, e lembra que sempre hai superávit no capítulo I, e ademais sempre é por un importe semellante, e se o Sr. Cela estuda as liquidacións dos anos anteriores e fai os seus deberes poderá comprobalo.

Con respecto as sentenzas, di a Sra. Sierra que efectivamente unhas se ganan e outras se perden, e o que o goberno fai é acatar todas, aínda que indica que con respecto a persoal, e dende que goberna o grupo popular, resultaron tres favorables, unha desestimada, e unha desfavorable.

No que atinxe á contratación de novo persoal no Concello, explica que a taxa de reposición de efectivos supón unha importantísima limitación, e nestes momentos o goberno está tratando de dilucidar se dalgún xeito a taxa se aplica ó persoal de seguridade, como pode ser a policía e os bombeiros.

Por último, e en canto á información da Sra. Santullano da nova subdirección en persoal, manifesta que se a oposición funciona con dimes e diretes así lle vai, e que antes de facer unha afirmación dese calibre hai que comprobala.

O Sr. Alcalde pecha o debate indicando que agradece o “enorme traballo” do grupo socialista no día de hoxe, que se reduce a catro preguntas. Comprende que estando fóra de Santiago o portavoz non poden traballar moito, pois cando ún pasa días en Vigo, evidentemente se esquece de que ten dedicación exclusiva no Concello de Santiago.

Para D. Ángel Currás, a substancia gris ás veces falla, e a Sra. Santullano esquece a problemática do seu goberno cos bombeiros, con Urbaser, co persoal do Concello, esquece as semanas de tamborrada do persoal de Urbaser, ou os problemas co persoal do concello por unha escasa capacidade negociadora do anterior goberno.

Afirma o Sr. Alcalde que durante moitos anos o goberno anterior creou prazas sen oposición, en EMUVISSA, INCOLSA, ou no Auditorio, e tal e como acaba de informar a concelleira de facenda, e que imos ter que facer fronte a cincocentos mil euros por sentenzas xudiciais en contra, mostra dos indecentes procedementos da etapa anterior.

Con respecto á praza do auditorio de Galicia, opón o Sr. Alcalde que o problema non é como se desenvolvera o concurso, senon que a praza non era necesaria. Transformouse unha praza de uxier nunha praza do grupo A nivel 22, que non era necesaria e que segue sen ser necesaria, de xeito que probablemente o goberno prescindira dela. Resulta curioso que a persoa seleccionada sexa precisamente a que estaba no grupo de comunicación do Bloque Nacionalista Galego. O goberno anterior trouxo tamén a persoal do Concello de Oleiros e doutros sitios, con nome e apelidos, e non di o Sr. Currás que non se fixera correctamente, ao igual que se está facendo agora, sinxelamente di que teñen nome e apelidos.

O anterior goberno non contratou ao apalpador porque chegou a tempo o partido popular de facerse cargo do Concello, e xa postos a falar de indecencias, contratouse un coche para o alcalde con tapizado de coiro e teléfono celular, que probablemente nestes momentos custaría 70 ou 80 mil euros, mentres nestes momentos para o alcalde hai un citroen C5 de renting.

No que atinxe ás sentenzas, proximamente falarase longo e tendido das mesmas e do persoal que o anterior goberno contratou e mantivo irregularmente e que agora ten que entrar neste concello a formar parte da plantilla do mesmo. Engade o Sr. Currás que a Sra. Santullano critica a contratación de directores de área cando no orzamento do bipartito figuraban sete cun custo de 2,2 millóns de euros, e por certo, cun reparo da interventora, dicindo que non podía estar ese persoal sen orzamentar.

Para Don Francisco Reyes, que por alusións toma a palabra, resulta sorprendente que o señor alcalde, que claramente non é quen de mandar no seu propio grupo municipal, tente de mandar e de dicirlle ao grupo socialista o que ten que facer.

O partido socialista presenta as mocións e proposicións que lle parecen oportunas, e cando lle parece oportuno. Particularmente hoxe non presentou ningunha para poñer de manifesto o que don Juan de la Fuente ten expresado, de que evidentemente non van aprobar ningunha das mocións que presenten os grupos da oposición.

En segundo lugar, di que lle agradecería ao Sr. Alcalde que dixera o contido de todo o expediente que ten con respecto á compatibilidade, e que diga a verdade de que sabe que o Sr. Reyes só vai unha tarde a Vigo, e que non pasa o tempo en Vigo, aínda que haxa outros membros do goberno que si viven todo o ano noutro concello, onde pagan os impostos.

Para o Sr. Alcalde, que remata o debate deste asunto, non é unha cuestión de compatibilidade, senon de decencia, tendo en conta que o Sr. Reyes ten dedicación exclusiva no Concello.

Procédese á votación, e por 12 votos a favor, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra, dos membros do grupo municipal popular, o Pleno da Corporación rexeita a proposición formulada polo grupo municipal do BNG relativa ó Plan de Axuste 2012-2022 e transcrita ao inicio do asunto.

## **8. DAR CONTA DAS SEGUINTE RESOLUCIÓN:**

**- Da Alcaldía de 7 de outubro do corrente ano, núm. 5738, de delegación de funcións no concelleiro Don José Luís García Bello.**

**- Da concellería delegada de facenda e administración de 1 de outubro do corrente ano, núm. 5555, polo que se aproba o marco orzamentario para o Concello e as súas entidades dependentes para os anos 2014 a 2016.**

Dase conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado, das seguintes resolucións:

- Do Sr. Alcalde, do día 7 de outubro do corrente ano, núm. 5738, pola que se delegan no concelleiro-delegado da área de seguridade e mobilidade, Don José Luís García Bello, as funcións que corresponden á alcaldía na agrupación de voluntarios de protección civil.

- Da concellería delegada de facenda e administración de 1 de outubro do corrente ano, núm. 5555, polo que se aproba o marco orzamentario para o Concello e as súas entidades dependentes para os anos 2014 a 2016.

## **9. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Dase conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado, das resolucións ditadas pola alcaldía e as concellerías delegadas dende o 11 de setembro ate o 15 de outubro de 2013 (núms. 5053 ao 5914, ambas incluídas), e dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela nas seguintes sesións:

Sesión ordinaria do día 5 de setembro de 2013 (Núm. 71).

Sesión extraordinaria urxente do día 9 de setembro de 2013 (Núm. 72).

Sesión ordinaria do día 12 de setembro de 2013 (Núm. 73).

Sesión extraordinaria urxente do día 16 de setembro de 2013 (Núm. 74).

Sesión ordinaria do día 19 de setembro de 2013 (Núm. 75).

Sesión ordinaria do día 26 de setembro de 2013 (Núm. 76).

Sesión extraordinaria urxente do día 27 de setembro de 2013 (Núm. 77).

Sesión extraordinaria urxente do día 1 de outubro de 2013 (Núm. 78).

## **10. ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.-**

#### **ROGOS.-**

#### **1. Rexistro de entrada do día 3 de outubro de 2013, núm. 18, para arranxar a rúa da Campiña.**

O grupo municipal do BNG de Santiago, diante das queixas recibidas pola veciñanza e logo de comprobar sobre o terreo que a rúa da Campiña, entre Mallou de Abaixo e a avenida de Asturias, presenta un estado lamentábel e que supón un perigo para os propios vehículos e para a seguridade cidadá, considera que esta vía require dunha actuación urxente.

Polo exposto, **SOLICITA**

Incluír na axenda municipal a substitución ou reparación do pavimento da rúa da Campiña para a súa execución coa maior brevidade posíbel.

## **2. Rexistro de entrada do día 23 de outubro de 2013, núm. 212, para designar “Saxo Tenor” á Praza de Vista Alegre.**

O Concello de Santiago debe ter un papel activo na posta en valor e difusión da figura e da obra de Roberto Vidal Bolaño, pois ademais de ser un dos impulsores do teatro profesional galego contemporáneo, tivo unha profunda ligazón coa nosa cidade, tanto na súa traxectoria vital e profesional como na súa obra.

Cómpre difundir e representar a súa obra para que se contribúa a espallar a súa mensaxe e as súas reflexións sobre a historia de Galiza que definen o compromiso ético e político de Roberto Vidal Bolaño.

Un bo exemplo na celebración deste ano Roberto Vidal Bolaño pode ser denominar “Saxo Tenor” a praza existente nas inmediacións da súa casa natal no barrio de Vista Alegre no 20 aniversario da súa publicación, de acordo coa demanda da veciñanza.

### **Polo exposto, SOLICITA**

Que o Concello de Santiago denomine “Saxo Tenor” a praza pública de Vista Alegre no 20 aniversario da súa publicación e no ano Roberto Vidal Bolaño, como homenaxe a este compostelán impulsor do teatro profesional contemporáneo galego.

### **PREGUNTAS.-**

- 1.- Rexistro de entrada do día 30 de setembro de 2013, núm. 184 (para a súa resposta por escrito).**
- 2.- Rexistro de entrada do día 3 de outubro de 2013, núm. 186 (para a súa resposta por escrito).**
- 3.- Rexistro de entrada do día 9 de outubro de 2013, núm. 199 (para a súa resposta por escrito).**
- 4.- Rexistro de entrada do día 28 de outubro de 2013, núm. 216 (para a súa resposta por escrito).**

### **ROGOS E PREGUNTAS DO PSdeG-PSOE.-**

### **PREGUNTAS.-**

- 1.- Rexistro de entrada do día 9 de outubro de 2013, núm. 200 (para a súa resposta por escrito).**

**2. Rexistro de entrada do día 15 de outubro de 2013, núm. 203 (para a súa resposta por escrito).**

**3. Rexistro de entrada do día 21 de outubro de 2013, núm. 209 (para a súa resposta por escrito).**

**4. Rexistro de entrada do día 23 de outubro de 2013, núm. 213 (para a súa resposta por escrito).**

Intervén Dona Elvira Cienfuegos para explicar o primeiro dos rogos presentados polo BNG. Di que a rúa da Campiña, especialmente no tramo que vai dende Mallou de Abaixo ata a Avda. de Asturias ten agora un intenso tránsito de vehículos, porque ademais de autobuses escolares, é tamén usada por vehículos de reparto de mercadorías, que a utilizan como alternativa para acceder pola Avda. Xoán Pablo II ao centro comercial as Cancelas. Mallou de Abaixo e a rúa da Campiña non teñen o ancho nin as características adecuadas para a circulación que están soportando, o que unido ás pésimas condicións do firme, fai do tramo unha zona de alto risco, tanto para os propios vehículos como para os peóns.

No rogo pídese por tanto a reurbanización das citadas rúas, que segundo a información da que dispón o BNG foron construídas como pistas de concentración parcelaria, e á vista de que estamos a iniciar o período invernal, se inclúa na axenda municipal a substitución ou reparación do pavimento da rúa da Campiña, para a súa execución á maior brevidade posible. Son a reurbanización ou reparación demandas veciñais das que tamén se fixo eco a asociación veciñal Casa Agraria, que as fixo chegar ao concello fai máis dun mes, e que o BNG considera de xustiza atender sen demora.

Di Don Juan de la Fuente que unha vez máis o Bloque chega tarde, porque o concello estivo alí fai dous meses, falou coa asociación, e hoxe xa está adxudicada a obra a unha empresa de Santiago. Precisa que a rúa pertence a Amio, non a Meixonfrío, e que quen solicita a obra é o Presidente da Asociación de Veciños de Amio.

Don Rafael Vilar seguidamente explica o contido do segundo rogo formulado polo BNG, que pretende que a praza de Vista Alegre se chame Saxo Tenor, pois é unha demanda que xa puxeron enriba da mesa os colectivos veciñais, e que está apoiada tamén polo tecido cultural da cidade. O 2013 é o ano dedicado a Roberto Vidal Bolaño, polo tanto ao BNG parecíalle ben que, como epílogo, mañá día 1 de novembro puidese quedar esa praza co nome de Saxo Tenor, que é unha das súas obras dramáticas, porque unha das facetas de Roberto, á parte de ser actor era tamén a de ser dramaturgo. Saxo Tenor tamén é unha obra que foi publicada por primeira vez fai vinte anos, e polo tanto,

en xusta homenaxe á celebración do día das letras galegas, e do ano Roberto Vidal Bolaño, esa praza podería acabar tendo o nome de Saxo Tenor.

Manifesta o seu acordo o Sr. Alcalde, dicindo que non hai ningún problema porque de feito cando foi a homenaxe a Roberto Vidal Bolaño nesa mesma praza, tal extremo solicitouno verbalmente a asociación veciñal, e xa daquela o Sr. Currás deixou patente o seu acordo. Por tanto, traerese a un próximo pleno a correspondente proposta para que sexa aceptado o cambio de nome da praza, onde está a casa onde naceu Vidal Bolaño.

## **11. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.**

### **MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-**

#### **1. Rexistro de entrada do día 24 de outubro de 2013, núm. 214, para demandar a aplicación de novos criterios no financiamento da administración local.**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á aplicación de novos criterios no financiamento da administración local.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A pretendida Reforma Local baixo o nome de Proxecto de lei de racionalidade e sustentabilidade da Administración local baséase nun único criterio, estabilidade orzamentaria, un criterio falso tomado como desculpa para agochar a aplicación dunhas ideas políticas reaccionarias e claramente recentralizadoras. Búscase eliminar toda capacidade de facer políticas alternativas desde un concello que palien os devastadores efectos que este austericidio da troika está a provocar.

En primeiro lugar, é falso culpar e, consecuentemente, aplicar unha estabilidade orzamentaria a unha administración local para nada responsábel do déficit do Estado (este absorbe case o 60% fronte a apenas o 3,5% de todas as entidades locais). E aínda máis, dese déficit local nada menos que a quinta parte corresponde á cidade de Madrid, relaxing débeda que nun discurso de austeridade non impediu a dilapidación, con ridículo incluído, dos cartos de todos e todas nunha delirante candidatura olímpica. Na Galiza isto aínda é máis dramático xa que entre todos os concellos do país teñen unha débeda de 773 millóns, menos que Málaga, Zaragoza, Valencia, Barcelona e o propio Madrid individualmente. Até o propio concello de Jerez de la Frontera (215.180 habitantes e 526,5 millóns) case iguala en débeda a todos os concellos galegos xuntos.

A necesidade dunha reforma da Lei de bases de réxime local non responde ao proxecto de lei que o goberno do Estado quere aplicar, porque aumentaría enormemente as eivas

actuais sen afrontar ningún dos problemas reais. O principal problema é o actual modelo de financiamento local que non garante a suficiencia de recursos económicos aos concellos, que cada vez teñen dificultades máis crecentes para atender os servizos públicos. Neste contexto de crise económica, o incremento do déficit nas administracións locais non é o resultado do descontrol na xestión económica, senón da existencia dun imperfecto modelo de financiamento local, onde os concellos reciben unha pequena parte da recadación dos tributos do Estado, que impide a estes ter autonomía en impostos propios, mesmo tendo que asumir compromisos do Estado que lles supón outorgar obrigatoriamente exencións fiscais á Igrexa Católica, a organizacións relixiosas ou amplas bonificacións tributarias ás grandes empresas.

Por iso hoxe é necesaria a reforma do financiamento local, para dotar dun marco estábel aos concellos con fin de asegurar a calidade na prestación de servizos públicos básicos. E abandonar o uniformismo que pretende o Estado e que se recoñeza a súa pluralidade, tendo en conta criterios específicos e propios no reparto da participación nos ingresos do Estado (PIE) que tamén inciden no custo dos servizos, como é o caso da dispersión territorial ou o avellentamento da poboación, como ocorre en Galiza, a pesar de que, a dispersión, é un criterio que se aplica en todas as comunidades autónomas e non pola administración do Estado.

Por todo iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

## **ACORDO**

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a que adopte os criterios para o reparto da Participación nos Ingresos do Estado (PIE) de dispersión e avellentamento da poboación, por se tratar de factores que repercuten de xeito determinante sobre o custo dos servizos que prestan os concellos galegos.
2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a que redacte unha nova Lei de Financiamento Local que afronte os verdadeiros problemas dos concellos galegos.
3. Trasladar o presente acordo ao presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentares no Parlamento de Galiza e ao presidente do goberno do Estado.

**2.- Rexistro de entrada do día 24 de outubro de 2013, núm. 215, relativa a eliminar o copagamento de medicamentos a persoas doentes crónicas non hospitalizadas na sanidade pública.**



O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa a eliminar o copagamento de medicamentos a persoas doentes crónicas non hospitalizadas na sanidade pública.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado mes de setembro o goberno do Estado estableceu unha modificación nas condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do sistema estatal de Saúde para que as persoas doentes crónicas non hospitalizadas teñan que achegar unha cantidade para sufragar o gasto das medicinas.

Con esta resolución, o goberno do Estado fixa un novo copagamento para os medicamentos e supón un novo imposto á enfermidade. Desde o 1 de outubro, 42 medicamentos de dispensación hospitalaria a persoas doentes crónicas con doenzas graves, deixarán de ser dispensadas sen custo, polo que haberá que pagar o 10% deste até o límite de 4,20 euros, agás aquelas que estiveren exentas.

Son fármacos para o tratamento de enfermidades graves: cancro, tumores, leucemia, hepatite C, artrite reumatoide, dexeneración muscular...

Estamos a falar de persoas pacientes na maioría dos casos polimedicadas para as cales este novo repago, este novo imposto á enfermidade, supón unha carga moi importante na súa economía, persoas que xa non son quen de chegar a fin de mes e outras que xa nin comezan o mes. Esta medida vai significar o sacrificio e sufrimento para moitas persoas. É indigna, inhumana, inxusta, e retrata un goberno que actúa contra a xente a prol das grandes fortunas e do poder económico. Velaquí un novo roubo que forma parte dunha estratexia deseñada para facer caixa a costa das persoas máis desfavorecidas, das persoas que adquiriron preferentes e subordinadas, das emigrantes retornadas, pensionistas, funcionarias, da clase traballadora, para seguir engordando a banca e o poder.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.

2. Instar á Xunta de Galiza a que non aplique esta resolución no noso país.
3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado.

En relación coa primeira das mocións formuladas polo BNG, Don Rafael Vilar explica que o que se pide na mesma é o establecemento de novos criterios para o financiamento de administracións locais de Galiza, nun momento ademais no que é coñecido que estamos nunha situación de auténtica asfixia económica dos concellos, que obviamente repercuten na vida dos cidadáns. Ao seu grupo pareceulle o momento idóneo para falar dos novos parámetros de financiamento local por dúas razóns, a primeira delas é que está en marcha o debate dos orzamentos, das contas públicas na maior parte das administracións, no goberno do Estado, no goberno da Xunta, e en moitos concellos, e a segunda razón porque a nivel de Estado está en marcha unha reforma da administración local, que promove o goberno do Partido Popular coa chamada lei de racionalidade e sustentabilidade da administración local. Esta reforma dende logo ao Bloque Nacionalista Galego non lle vale, porque está centrada só na estabilidade orzamentaria, e porque ten un erro de partida, que é imputar ás entidades locais boa parte do déficit do Estado, cando só o 3,5% do mesmo é imputable a aquelas, e dende logo hai cidades como Madrid e Barcelona que triplican a débeda do conxunto dos concellos galegos.

Por outra parte, o seu grupo cree que nos concellos estase dando unha situación paradoxal ou contraditoria, xa que seguen a ter que asumir competencias impropias, incluso teñen que empezar a asumir situacións derivadas do estado de emerxencia social que está habendo, cando contan por unha parte con menos ingresos, porque chegan menos dende as arcas do Estado, e tamén con menos persoal, pola aplicación da chamada taxa de reposición de efectivos, que non permite a reposición de baixas e xubilacións do persoal.

Opina o concelleiro que é un clamor nas administracións locais que exista unha reforma que teña que ver co financiamento local, unha reforma de alcance. En todo caso, o que o seu grupo pide, antes de que se chegue a esa reforma de alcance, é que se adopten criterios que en Galicia axuden a que haxa unha contribución maior do Estado ás arcas públicas das administracións locais galegas, criterios como os da dispersión de núcleos ou o avellentamento da poboación.

Seguidamente D. Rafael Vilar pasa a defender a urxencia da segunda das mocións formuladas polo BNG, que é relativa ao copagamento de medicamentos non hospitalarios na sanidade pública. Explica o concelleiro que á volta do verán, no mes de setembro, ditouse unha resolución do goberno de Mariano Rajoy que tiña que ver co establecemento dun novo copagamento, que en realidade é un repagamento sobre medicamentos a doentes crónicos non hospitalizados, que antes non pagaban por esas

medicinas e agora teñen que aboar o 10%, ate 4,2 euros por cada envase. Téñase en conta que estamos a falar dun colectivo vulnerable, xente enferma crónica, moita dela xente maior, moitos deles, ademais, pensionistas, que por riba viron nos últimos tempos como perdían poder adquisitivo.

Polo tanto, ao seu grupo parécelle que ésta é unha medida totalmente inxusta, e mesmo cruel, porque se ceba cun colectivo moi vulnerable, de xente maior, de xente enferma que antes non pagaba uns fármacos que necesitan para ter un mínimo de calidade de vida, e que agora van ter que aboar determinadas cantidades por eles, e para algunha xente iso significa un desembolso importante. O BNG non podía quedar alleo á mobilización social que está en marcha polo país adiante por esta cuestión, encabezada polo Concello de Riotorto, que é un concello do seu partido, ó que se están a sumar moitos outros concellos de diferentes cores políticas, incluso o concello de Vilagarcía, gobernado polo Partido Popular, que están a enfrentarse a esta medida dicindo non a este novo copago farmacéutico que se ceba nestes momentos cos doentes crónicos.

O que pide o seu grupo -engade o Sr. Vilar-, é que se rexeite por unha parte esta resolución posta en marcha polo goberno do sr. Rajoy, e tamén a esixencia ao goberno da Xunta para que non acate esta Resolución, e polo tanto que non aplique esta medida para que os doentes crónicos teñan que pagar por medicinas que antes non pagaban, no que está a ser unha especie de imposto a súa enfermidade.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por 12 votos a favor, dos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG, e 13 votos en contra, dos membros do grupo municipal popular, rexeita a urxencia na toma en consideración das mocións formuladas polo grupo municipal do BNG, transcritas ao inicio do asunto.

O Sr. Alcalde pecha a sesión cando son as dezanove horas e vintecinco minutos. Dou fe.